

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de abril de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D^a. Soledad Polo Lima

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove e cinco horas do día dezaioito de abril de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, a interventora xeral, Sra. Guarner González, e o asesor xurídico municipal, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(321).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do día 29 de marzo de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(322).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 31.03.05 EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DE OBRAS DE INFRAESTRUCTURA RURAL NO CONCELLO DE VIGO.

Dáse conta da resolución de Alcaldía de data 31.03.05, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Vista a comunicación da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, no que se manifesta a disposición da Consellería para a execución de determinadas obras de infraestrutura rural no Concello, RESOLVO:

Primeiro.- O Concello de Vigo, ante a notificación efectuada pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, de realizar con cargo ós seus presupostos as obras de infraestrutura rural consistentes en PROXECTO DE MELLORA DE INFRAESTRUCTURA RURAL NO LUGAR DE “CASTRO-RODEIRO”; “PROXECTO DE MELLORA DE DRENAXE SUPERFICIAL NO CAMIÑO DE SANÍN EN SAN ANDRÉS DE COMESAÑA, PROXECTO DE MELLORA DO CAMIÑO DO XALÓN NA ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE E PROXECTO DE SANEAMENTO NA ESTRADA MARCO (CAMIÑO INTERIOR) EN SÁRDOMA, manifesta a súa aceptación á execución das mesmas en réxime de cooperación e comprométese a:

- Poñer a disposición da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, libre de cargos e gravames tódolos terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levar adiante a mesma.
- As obras obxecto do presente convenio están exentas de calquera tipo de taxa de carácter municipal.
- Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación.
- De conformidade co establecido nas leis de réxime local, correspóndelle ó Alcalde-Presidente a competencia para a sinatura do correspondente convenio de colaboración.
- Manifestar que existe libre disposición dos terreos necesarios para a execución das obras.

Segundo.- Somete-la presente resolución á ratificación da Xunta de Goberno Local.

Mandouno e firma a señora Alcaldesa, Dona Corina Porro Martínez, en Vigo, a trinta e un de marzo de dous mil cinco.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

3(323).- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO, PARA A CELEBRACIÓN DO CONCURSO NACIONAL DE PIANO. EXPTE. 2043/101.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 12.04.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Ratificar o convenio de colaboración cultural asinado entre a Consellería de cultura Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia e o Excmo. Concello de Vigo, para a celebración do Concurso Nacional de Piano, segundo o seguinte texto:

CONVENIO DE COOPERACIÓN CULTURAL ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAS

En Santiago de Compostela, na sede dos servicios centrais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o día 1 de abril de 2005

REÚNENSE:

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Jesús Pérez Varela, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, para o que foi nomeado polo Decreto 308/2001, do 15 de decembro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983,

do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, a Sra. Corina Porro Martínez, alcaldesa-presidenta do concello de Vigo, CIF: P3605700H, actuando en nome e representación do concello, segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levaren adiante este convenio e,

MANIFESTAN:

Que ámbalas dúas entidades son conscientes da importancia da actividade cultural que desenvolve o concello de Vigo como administración territorial máis próxima ó cidadán, para satisfacer as necesidades que en materia cultural teñen os habitantes desa zona.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura e para achega-lo máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas partes teñen intereses coincidentes, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo comprométese a entregarlle ó concello de Vigo a cantidade de DEZAOITO MIL (18.000-) euros, como contribución para a celebración do Concurso Nacional de Piano, que se desenvolverán no marco dos campos da promoción e colaboración cultural. Esta cantidade librarase con cargo á aplicación orzamentaria 10.02.353.A.460.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma galega para 2005.

SEGUNDA.- O concello de Vigo comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades -tanto impresa coma audiovisual- a colaboración da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, utilizando a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia e o logotipo de Galicia camiños de concordia, segundo as instrucións que se lle dean por parte da Dirección Xeral de Promoción Cultural.

TERCEIRA.- A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo poderá efectua-lo libramento dos fondos en pagamentos parciais ata unha porcentaxe do 80% do importe total, a medida que o beneficiario xustifique os gastos.

O 20% restante pagarase no momento da completa xustificación polo concello do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

As referidas xustificacións realizaranse a través das correspondentes certificacións do secretario da Corporación Municipal nas que se indique que foron realizadas as actividades obxecto do convenio e se transcriba o acordo ou resolución aprobatoria das facturas dos gastos que a execución do devandito convenio orixinase. O prazo para xustificar as actividades obxecto do convenio remata o 1 de novembro de 2005.

CUARTA.- O concello de Vigo comprométese a destinar los fondos percibidos ó obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

QUINTA.- Créase unha comisión mixta de seguimento da execución do convenio e para a solución de controversias formada pola directora xeral de Promoción Cultural e a alcaldesa do concello. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias, serán resoltas polo conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, co que se porá fin á vía administrativa.

SEXTA.- O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente de rescisión deste.

SÉTIMA.- O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

OITAVA.- O período de vixencia deste convenio durará ata o 1 de novembro de 2005.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ó seu cumprimento, someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

4(324).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL. EXPTE. 11313/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.04.05, e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 10.03.05, conformado polo xefe de Sector de Acción Social e a delegada de Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Concellería de Participación Cidadá, Departamento de Benestar Social, para a realización dun programa de relacións interxeracionais con voluntariado a desenvolver ao longo do ano 2005, que consistirá na visita guiada de persoas maiores as instalacións universitarias.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA LA REALIZACION DE UN PROGRAMA DE VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL

Reunidos

Dunha parte,

A Excm. señora Dna. Corina Porro Martínez Alcaldesa do Exmo Concello de Vigo, nomeada na sesión plenaria extraordinaria de data 13 de decembro de 2003, en representación do mesmo, según o dispoñe a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de reximen local

E da outra

Excmo. Sr. Don Domingo Docampo Amoedo, Rector Magfco. da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia num. 185/2002, do 27 de maio publicado no Diario Oficial de Galicia (D.O.G.) núm. 102, do 29 de maio de 2002, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei Orgánica de Universidades 6/2001, do 21 de decembro e o artigo 59 dos Estatutos da

Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro e publicado no D.O.G., núm. 237, do 5 de decembro de 2003.

Ámbalas dúas partes, recoñecense mutuamente con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio.

As persoas maiores hoxe en día, supoñen un potencial moi alto dado o seu número, en contínuo aumento, a súa experiencia, disponibilidade de tempo e capacidade de traballo.

Na nosa cidade, a poboación maior de 65 anos representa o 14% da poboación total.

Vigo é unha cidade nova, e con esta porcentaxe de maiores dende os poderes públicos temos que potencia-lo acercamento xeracional naquelas actividades que poden desenvolver de forma conxunta.

O voluntariado non ten idade. Nun momento histórico caracterizado pola crise das organizacións socio-políticas tradicionais, polo auxe do individualismo e pola desafección democrática, a participación en organizacións voluntarias parece que se converteu en táboa de salvación para unha sociedade que, definíndose en termos xurídico-políticos como Estado Social e de Dereito, descubre alarmada, que o espello ante o cal se contemplaba devolvele unha imaxe atrapada na exclusión, a marxinação e a desesperanza de pobos enteiros.

Así pois, establecece un convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Concellería de Benestar Social co fin de realizar conxuntamente un proxecto no que traballen de forma conxunta os xóvenes universitarios e as asociacións de maiores que forman parte do Consello.

Tralo exposto:

M A N I F E S T A N

- 1. - Que a Lei 7/1985 Reguladora de Base de Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos Concellos exerzan a "prestación de Servizos Sociais e de Promoción e Inserción Social" sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes.*
- 2. - Que a Universidade de Vigo ademais dos proxectos educativos ten entre os seus obxetivos a conexión coas cidades en accións solidarias que complementen as accións formativas do alumnado e reforcen a educación solidaria e a convivencia entres os pobos .*
- 3. - Igualmente a Administración Pública pode acordar convenios de cooperación con outras administracións públicas para fines de intereses común con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fines de interese público concurrentes coas administracións pública, así o determina o artigo 87 da citada Lei 7/1985, excluíndose da aplicación do Real decreto lexislativo 2/2000, do 6 de xuño, de Contratos das Administracións Públicas no seu propio art.3.*

Segundo exposto, as partes acordan asinar un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

C L A Ú S U L A S

Primeira.- OBXECTO

A sinatura do presente convenio de colaboración entre ámbalas dúas institucións ten a finalidade de realizar un proxecto interxeracional de voluntariado no que participarán os xóvenes voluntarios e as asociacións que integran o Consello Municipal dos Maiores.

Segunda.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Por mutuo acordo das dúas institucións este convenio de colaboración terá un ámbito municipal que afectará á cidade de Vigo, podendo acollerse ás actuacións que del se deriven o alumnado matriculado na Universidade de Vigo.

Terceira.- DURACIÓN DO ACORDO

O presente convenio de colaboración entre as citadas institucións terá unha vixencia mínima dun ano, dende a súa sinatura, podéndose prorrogar por períodos anuais se non se produce denuncia do mesmo con dous meses de antelación á data de calquera das súas prórrogas.

Cuarta.- COMPROMISO DAS INSTITUCIÓNS

Coa sinatura deste convenio de colaboración a Universidade de Vigo comprométese a :

- ◆ Realizar de forma conxunta actividades de promoción do voluntariado como vehículos de desenvolvemento integral da comunidade universitaria.*
- ◆ Promover de forma conxunta campañas de sensibilización cidadán que cumplan o obxecto deste convenio .*

Por outra parte o Concello de Vigo a través do Departamento de Benestar Social comprométese a:

- ◆ Convocar ás asociacións e difundir os proxectos que a universidade propoña para as persoas maiores.*

Quinta.- ACTIVIDADES A DESENVOLVER

As actividades a desenvolver durante a vixencia do convenio son:

Visitas das asociacións de maiores ó campus de Lagoas- Marcosende onde serán atendidos polos xóvenes voluntarios da Universidade. Esta visitas ó campus darán comenzo no vindeiro mes de abril e rematarán ó final do presente curso académico quedando aberta a posibilidade de volver a realizalas no próximo curso no caso de que a demanda sexa grande.

Así mesmo e co fin de facer actividades interxeracionais, poderán programarse tódalas actividades culturais, recreativas e sociais coas persoas maiores durante a vixencia deste convenio.

Sexta.- SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento e control do presente convenio establécese unha comisión técnica que se reunirá con carácter ordinario trimestralmente durante a vixencia deste e con carácter extraordinario a petición dunha das partes.

Esta comisión estará integrada:

Por parte da Universidade de Vigo: polo vicerrector de Extensión Universitaria D. Oscar Rubiños López ou persoa en quen delegue, e dúas persoas da citada institución, así como dous técnicos/as da Oficina de Información e Promoción do Voluntariado .

Por parte municipal, esta comisión estará integrada pola Concelleira de Benestar Social ou persoa en quen delegue, e dous técnico/as municipais.

O presente convenio non terá coste algún para o Departamento de Benestar Social.

Sétima.- CAUSAS DE EXTINCIÓN DO PRESENTE CONVENIO

O presente convenio de colaboración entre as dúas institucións, extinguírase por finalización do prazo previsto nel e/ou a petición dalgunha das dúas partes

E estando de acordo ambas partes asinan o presente convenio no lugar e datas indicados.

5(325).- MODIFICACIÓN DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E MÉDICOS DEL MUNDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DA SAÚDE. EXPTE. 11094/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social, do 2.04.05, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do 27/12/04, adoptou o acordo de aprobar, con vixencia ata o 31/12/05, un convenio de colaboración coa Asociación “Médicos del Mundo” que ten como obxectivo a realización de actuacións de prevención e promoción da saúde con usuarios de drogas da cidade no entorno da mesma.

Os destinatarios do programa a desenvolver son, fundamentalmente, pacientes do centro de atención “CEDRO” e os seus espazos de reunión no entorno do mesmo, que no seu momento deu lugar a unha contestación veciñal importante pola situación de conflictividade que se producía nos espazos públicos nas proximidades do centro.

No seu momento incluíuse o gasto na Partida 227.06.08 do programa 3130 – Plan Local de Drogas-AD 3889, de data 08/02/05, como consecuencia de ADFT 200400059662, ó non contemplar o gasto no programa 4123 –CEDRO-.

Aprobado o orzamento para 2005, no mencionado programa 4123 –CEDRO-, figura a partida 227.06.06 –Educación de calle- que se axusta mais ó obxectivo e contidos do convenio con “Médicos del Mundo” ó dirixirse ó colectivo de pacientes da Unidade de atención a drogodependentes e súas actuacións na vía pública.

Por todo isto procede a modificación do convenio aprobado, previos informes oportunos, na súa cláusula Quinta, no sentido de que o gasto correspondente ó ano 2005 –52.000 €- deben ser imputados á partida 4123.227.06.06 –“Programa de educación de calle”

Proponse pois o seguinte acordo:

“Modificar a cláusula Quinta do convenio de colaboración con “Médicos del Mundo” aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/12/04, no sentido de que o gasto do ano 2005, 52.000 €, sexa imputado á Partida 4123.227.06.06 do centro de gasto CEDRO, ó tratarse dun programa de redución do dano para drogodependentes no entorno da Unidade”.

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Pase a informe de Intervención Xeral.

O informe-proposta consta co intervido e conformada da Interventora Xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa precedente proposta, acorda:

Modificar a cláusula Quinta do convenio de colaboración con “Médicos del Mundo” aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/12/04, no sentido de que o gasto do ano 2005, 52.000 €, sexa imputado á Partida 4123.227.06.06 do centro de gasto CEDRO, ó tratarse dun programa de redución do dano para drogodependentes no entorno da Unidade.

6(326).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 21/943/2005,23/572/2005,23/467/2005, 04/654/2005.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola Delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno acorda dar de alta no Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a Lucía Urbietta Fariña. Expte. 21/943.
- D^a Antonia Insua Mariño. Expte. 23/572.
- D^a. Clara Bárcena Alvarez. Expte. 23/467
- D^a. Matilde Goberna Comesaña. Expte. 04/654.

7(327).- SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN LAXEIRO POR IMPORTE DE 66.000 € PARA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN DURANTE O ANO 2005. EXPTE. 8799/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultural do 8.03.05, conformado polo concelleiro delegado do Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Outorgar unha subvención de 66.000 Euros (sesenta e seis mil euros) á Fundación Laxeiro con CIF: G36852358 para programación de actividades e funcionamento da Fundación durante o ano 2005, con cargo á partida 4510.489.00.01 (“Fundación Laxeiro”) do vixente presuposto municipal.

2º.- A tramitación da subvención á Fundación Laxeiro realizarase de acordo coas seguintes condicións:

1. Forma de pagamento.-

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á Fundación Laxeiro o importe da subvención outorgada polo Concello de Vigo, para as actividades e funcionamento do ano 2005 a través de transferencia bancaria do seguinte xeito:

- a) unha primeira parte, ata un máximo do 50% do total da subvención, tralo outorgamento da subvención pola Comisión de Goberno*
- b) unha segunda parte, ata un máximo do 25% do total da subvención, durante o mes de outubro e*
- c) unha terceira parte, polo resto da subvención concedida trala aprobación da memoria-avaliación pola Xunta de Goberno Local do Concello.*

2. Documentación para tramitar los pagos.-

Para o trámite dos pagamentos da subvención a Fundación Laxeiro deberá achegala seguinte documentación:

- a) Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención (presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo).
- b) Informe sobre as actividades realizadas e sobre funcionamento da Fundación relativo cada un dos períodos antes citados, acompañado das facturas orixinais correspondentes á contía da que se solicita pagamento.

3. Liquidación da subvención.-

Para a liquidación do último pagamento da subvención presentarase a seguinte documentación antes do 15 de novembro de 2005:

- a) Solicitude polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Laxeiro, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes a cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Relación definitiva de ingresos e gastos, clasificada por actividade ou grupo de actividades e por funcionamento; especificando: concepto, acreedor e gasto.
 - Detalle do balance económico das actividades e funcionamento. Gastos.- Facturas orixinais polo importe subvencionado e fotocopia compulsada de facturas polo resto do presuposto de gastos. Ingresos.- Detalle das contías ingresadas por tódolos tipos de conceptos: contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; vendas de publicacións, cotas de matrículas, etc. ingresos diversos, contías e procedencia.

Con cada solicitude de pagamento a Fundación presentará dez (10) exemplares do material que edite ou produza. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, este extremo.

As facturas aportadas pola Fundación deberán reunir os requisitos e condicións esixidas polo art. 3 do RD 2402/1985 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

A liquidación do pagamento da subvención está condicionado a aprobación de memoria anual por parte da Xunta de Goberno Local, despois dos informes técnicos necesarios.

3º.- A Fundación Laxeiro está promovida polo Concello de Vigo e máis pola familia do pintor Laxeiro (acordos do Pleno da Corporación Municipal de data 2 de marzo de 1998 e do 26 de xuño de 1998); ademais, a presidencia correspóndelle o Alcalde de Vigo ou persoa na que delegue, na dotación inicial da Fundación Laxeiro inclúese o depósito de 62 obras de Laxeiro de titularidade municipal e a cesión de dereitos sobre elas, a sede de Fundación está na planta terceira da Casa das Artes, edificio de titularidade municipal. A Fundación Laxeiro queda obrigada ó cumprimento das seguintes condicións xerais:

- 1.- Facilitar ó departamento de Cultura e ó principio de cada exercicio económico unha copia da póliza de seguro dos bens incluídos na planta terceira da Casa das Artes; na que o Concello de Vigo deberá figurar como beneficiario das 62 obras de Laxeiro das que é propietario e que ten cedidas en depósito á Fundación.

- 2.- *Facilitar ó departamento de Cultura unha copia do contrato de vixilancia, que establezan coa empresa de seguridade que preste servicios no resto das dependencias municipais da Casa das Artes.*
- 3.- *Relacionarse coa Unidade de Cultura do Concello de Vigo en todo o relacionado coas achegas municipais, o desenvolvemento das actividades da Fundación e o funcionamento na Casa das Artes. Especialmente a Fundación obrígase a informar puntualmente ó Departamento de Cultura do Concello de Vigo e con antelación sobre a programación prevista, para incluíla na difusión da programación.*
- 4.- *Dende o principio de autonomía de programación que lle corresponde á Fundación, comunicará á concellería e departamento de Cultura as súas previsións, para evitar duplicidades nos programas e coordinalo calendario de actividades.*
- 5.- *Informe sobre os fondos municipais cedidos á Fundación, préstamos, conservación, itinerancias, etc, e sobre a xestión dos dereitos tamén cedidos.*
- 6.- *Informe sobre a actividade do Padroado da Fundación: cambios na súa composición, copias das actas das sesións, etc.”.*

8(328).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA RP3 DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O EVENTO LÚDICO DEPORTIVO “DIRT JUMP SHOW”(MOUNTAIN BIKE) NO CRUCE DAS RUAS PRÍNCIPE CON VELÁZQUEZ MORENO, O 29.04.05. EXPTE. 5124/333.

Examinadas as actuación do expediente e de acordo co informe proposta do Director Deportivo do IMD, do 06.04.05, conformado pola Concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Agrupación Deportiva RP3 a organizar o vindeiro día 29 de abril de 2005 a actividade lúdico-deportiva, complementaria da Copa do Mundo de Mountain Bike Vigo 2005 denominada Dirt Jump Show, que está previsto se celebre no cruce das rúas Príncipe con Velázquez Moreno, no espazo comprendido entre as arbores da rúa Velázquez Moreno, para deixar libre o paso de peóns polas rúas. Para está actividade os organizadores montan dúas ramplas de terra, megafonía e vallas para delimitar a zona onde se vai a desenvolver o evento, entre as 18:30 h. e as 19:30 h.. Os organizadores, deberán en todo momento deixar zonas de libre circulacións de peóns e, unha vez rematada a actividade, a zona onde se desenvolva nas mesmas condicións de limpeza nas que a atoparon.

9(329).- SOLICITUDE DA APA LAMEIRA DO CEIP JOSEFA ALONSO DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O CROSS ESCOLAR “MATAMÁ 05” NA RÚA MANUEL COMINGES, O 24.04.05. EXPTE. 5157/333.

Examinadas as actuación do expediente e de acordo co informe proposta do Director Deportivo do IMD, do 01.03.05, conformado pola Concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a APA Lameira do CEIP Josefa Alonso a celebrar o vindeiro día 24 de abril de 2005 o cross escolar Matama-05, que descorrerá na rúa Manuel Cominges, no tramo comprendido entre a baixada a Revolta e a praza de San Amaro, e o camiño do Pazo, a partir das 10:30 h.

10(330).-SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA RP3 DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRAR A “COPA DO MUNDO DE MOUNTAIN BIKE VIGO” NOS MONTES DE FRAGOSELO, OS DÍAS 29, 30 DE ABRIL E 1 DE MAIO DE 2005.EXPTE. 5215/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do Director Deportivo do IMD, do 4.4.05, conformado pola Concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Autorizar a Asociación Deportiva RP3 a organizar os vindeiros días 29 e 30 de abril e 1 de maio a Copa do Mundo de Mountain Bike Vigo, esta proba deportiva, na que participan deportistas de diferentes países de Europa, se desenvolverá nos horarios seguintes:

- Día 29 de abril:
De 15:00 h. a 20:00 h.
- Día 30 de abril:
De 8:00 h. a 14:00 h. e de 15:00 h. a 20:00 h.
- Día 1 de maio:
De 8:00 h a 14:30 h.

2º.- Condicionase este acordo á obtención da autorización da Comunidade de montes veciñais en man común de Coruxo.

11(331).- SUBSTITUCIÓN, POR TRASLADO, DE REPRESENTANTE MUNICIPAL NOS CONSELLOS ESCOLARES DE CENTROS PÚBLICOS DE VIGO. EXPTE. 6384/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico do Instituto Municipal de Educación, do 7.04.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2005, adoptou o acordo de nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo (expte. 6384/332), a funcionarios/as adscritos ó servizo de educación, polo seu coñecemento da xestión das competencias educativas municipais e pola súa experiencia en promover e planificar intervencións de apoio ó ensino.

*Entre as persoas que adquiriron a condición de representantes municipais, que implica a percepción en concepto de dietas de 39,78.-€ por asistencia a cada sesión de consello escolar de centro e cunha vixencia ata o 31 de decembro de 2005; figura adscrita ós 7 centros de ensino que se relacionan a continuación, Dna. Mª José López González (nº persoal 10582 e NIF 36.021.649-S):
EEI Nogal, EEI Hernán Cortés, EEI Aragón, CEIP Frían-Teis, CEIP Teis-Igrexa San Salvador, CEIP Teis-Espiñeiro Sta. Tegra e CEIP Teis-Coutadas Vicente Risco.*

Tendo en conta que segundo Decreto de Alcaldía do 4 de abril de 2005 se resolve, trasladar provisionalmente á oficina administrativa da Policía Local, en tanto perdure a situación de urxencia observada –que en todo caso non superará os seis meses de duración-, á administrativa de administración xeral Dª Mª José López González (nº persoal 10582), co obxecto de desenvolver as funcións propias da súa praza; parece pertinente solicitar a substitución nesa zona educativa da funcionaria trasladada provisionalmente, por outra persoa que desenvolva a súa xornada laboral no servizo de educación, para facilitar a asistencia periódica ás

xuntanzas de coordinación e o intercambio de información eficaz no proceso cotiá de interacción concello-escola e viceversa.

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Sustituir a DNA. M^a JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ (NIF 36.021.649-S) trasladada provisionalmente á oficina administrativa da Policía Local, na súa condición de representante municipal nos consellos escolares de centro, por DNA. PILAR DÍAZ DE BUSTAMANTE (NIF 33.214.076-Y), con vixencia ata 31 de decembro de 2005, nas escolas e colexios públicos que se relacionan:

- EEI Nogal.
- EEI Aragón.
- CEIP Teis-Igrexa San Salvador.
- CEIP Teis-Coutadas Vicente Risco.
- EEI Hernán Cortés.
- CEIP Frián-Teis.
- CEIP Teis-Espiñeiro Sta. Tegra.

Segundo.- Aprobar a percepción en concepto de dietas de 39,78.-€ por asistencia a cada sesión de consello escolar de centro.

Terceiro.- Autorizar a M^a José López González, ó cobro das dietas dos consellos escolares ós que ten asistido en calidade de representante municipal ata a data que sexa relevada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(332).-PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA VELÁZQUEZ MORENO (TRAMO ENTRE A RÚA PRÍNCIPE E POLICARPO SANZ). EXPTE. 11211/444.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

O citado proxecto desenvolve técnicaamente as obras de renovación urbana na Rúa Velázquez Moreno, no tramo entre a Rúa Príncipe e Policarpo Sanz, dando continuidade ao tratamento xa executado no tramo da Rúa Progreso á Rúa Príncipe, tendo en conta os condicionantes tanto dende o punto de vista urbanístico como do tráfico rodado.

Trátase de que a zona adquira un carácter eminentemente humanizado e peatonalizado, potenciar a actividade comercial, e recuperar o uso da rúa por parte do cidadán. Para iso estendése as zonas dedicadas aos peóns, ampliando a superficie das beirarrúas, e por conseguinte restrinxindo a actual zona de rodadura e de aparcamento. Permítese tan só o acceso dos vehículos usuarios do aparcamento de Velázquez Moreno e do garaxe do Edificio Banesto.

Mellórase o tratamento da vía, mediante a pavimentación en pedra, a creación de dúas liñas de arbolado en alcorques e a substitución dos elementos de iluminación e mobiliario urbano. A actuación tamén representa o cambio de todos os servizos urbáns que presentan algún problema, ou obsolencia, ou no seu caso, a ampliación si ésta fose necesaria.

Tendo en conta os condicionantes funcionais establecidos e co obxecto de acadar unha optimización do uso do espazo, presentase unha sección transversal con plataforma única e delimitacións de tipo formal; trátase de que a rúa adquira un carácter peonil, mantendo unha banda de coexistencia de 5.05 mts. de ancho para a circulación dobre sentido para os vehículos que accedan ao aparcamento e garaxe existente na rúa. As zonas exclusivamente peonís quedan cun ancho entre 3,3 e 3,7 mts. O alumeadado público e arbolado sitúanse a ambos lados da zona de coexistencia. A entrada e saída dos usuarios do aparcamento e garaxe realizaráse por Policarpo Sanz, ao estar restrinxido o tráfico hacia a Rúa Príncipe.

A pavimentación da rúa realizarase en losas de granito gris Mondariz acabado flameado, con pezas de 80 x 40 x 8 cm en beirarrúas, mentres que na banda de circulación de vehículos con losas de 65 x 25 x 12 cm. A delimitación de ditos espazos definirase en dúas augas, con drenaxe sobre o eixo da rúa, definido por un encintado central de 20 x 70 x 12 cm sobre o que se situarán os puntos de evacuación.

No proxecto contéplase a renovación completa da rede de saneamento na rúa, substituíndose o colector central, os tubos de acometida e os elementos de drenaxe. Estes últimos consistirán en sumideiros sifónicos con corpo de formigón polímero e con rexilla entramada de aceiro inoxidable.

Tamén se renova a rede de distribución de auga en ambos lados da rúa, pola antigüidade das tuberías e a falta de capacidade, con instalación de nova valvulería, hidrantes contra incendios e bocas de rego.

Ao mesmo tempo e por petición das compañías subministradoras se preveen no proxecto melloras ou ampliacións nos servizos de distribución de enerxía eléctrica, telecomunicacións e gas natural canalizado.

A rede de alumado público renóvase na súa totalidade, renovando a tubería soterrada e instalándose columnas tipo "Cidade de Vigo", con luminarias marca Carandini, modelo Vista Elipse, acordes co resto de actuacións de humanización no entorno.

Para o axardinamento da rúa πρόponse a plantación de camelios sitios en alcorques protexidos con rexilla de fundición dúctil; instalándose un sistema de rego por goteo automático para o rego do arborado.

O tratamento da rúa completase coa instalación de bancos e papeleiras, de calidades acordes co entorno.

Remítese o citado proxecto á Xunta de Goberno Local, coa seguinte PROPOSTA

- *Aprobar o "Proxecto de humanización da Rúa Velázquez Moreno (Tramo entre a Rúa Príncipe e Policarpo Sanz)", na cidade de Vigo, cun presuposto de execución de contrata de:*

341.754,00 € (IVE engadido).

Acordo

De conformidade co precedente informe a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o "Proxecto de humanización da Rúa Velázquez Moreno (Tramo entre a Rúa Príncipe e Policarpo Sanz)", na cidade de Vigo, cun presuposto de execución de contrata de: 341.754,00 € (IVE engadido).

13(333).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NO MES DE MARZO DE 2005.EXPTE. 1485/335.

Mediante providencia de data 06.04.05, en cumprimento do establecido na base 31ª das de execución do Orzamento xeral do Concello de Vigo, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor, no servizo de Festas e Animación Sociocultural, no mes de marzo de 2005, que son os seguintes:

EXPTE. 1444/335. CONTRATACIÓN PATROCINIO PUBLICITARIO DO CONCERTO DE "MANOLO GARCÍA".

DECRETO CONCELEIRO DATA: 03-03-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 10978
ADXUDICATARIO: GALEA PRODUCCIONES, S.L.
IMPORTE: 12.000,00 €

EXPTE. 1467/335. CONTRATACIÓN PATROCINIO PUBLICITARIO DO CONCERTO DE "MARÍA ISABEL".
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 18-03-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 12446
ADXUDICATARIO: DOMHER, S.A.
IMPORTE: 3.000,00 €

EXPTE. 1475/335. CONTRATACIÓN PAPROCINIO PUBLICITARIO DO CONCERTO DE "ELVIS COSTELO".
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 18-03-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 14054
ADXUDICATARIO: MEDIARTE Y COMUNICACIÓN DE GALICIA, S.L.
IMPORTE: 12.000,00 €

EXPTE. 1446/335. CONTRATACIÓN SERVICIOS DE MONTAXE, DESMONTAXE, TRANSPORTE E DECORACIÓN DO CONXUNTO ESCÉNICO DA PORTA DA GAMBOA.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 09-03-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 10682
ADXUDICATARIO: PUBLITIA, S.L.
IMPORTE: 12.000,00 €

EXPTE. 1448/335. CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS DE EMBALAXE, TRANSPORTE E ALMACENAMENTO DE MATERIAL DIVERSO PARA A REPRESENTACIÓN DA RECONQUISTA 2005.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 09-03-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 10689
ADXUDICATARIO: PUBLITIA, S.L.
IMPORTE: 3.747,96 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada

14(334). SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA CASTRO SAN MIGUEL DE AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE USO DO AUDITORIO DE CASTRELOS O 24.04.05. EXPTE. 1487/335

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 12.04.05 e de acordo co informe proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas de Animación Sociocultural, do 12.04.05, conformado polo concelleiro de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a cesión de uso das instalacións do auditorio do Parque de Castrelos á Agrupación Deportiva Castro San Miguel con CIF.: G 36657856 para celebrar la XI edición do Cross Escolar A.D. Castro San Miguel, aberto a todas as categorías e con unha participación aproximada de entre 1000 e 1500 atletas.

- a) A cesión de uso das anteditas instalacións realizarase entre as 09'30 e as 14'00 horas do día 24 de abril de 2005, e comprenderá os vestiarios, servizos e unha oficina para instalar a secretaría da competición. A responsabilidade civil e de calquera outra índole

derivadas da celebración da competición será exclusivamente da Agrupación Deportiva Castro San Miguel con CIF.: G 36657856 como organizadora da mesma.

- b) Concello encargarse do subministro eléctrico e designará unha persoa encargada de custodiar as chaves do recinto durante todo o periodo e asesorarlles nas súas posibilidades de utilización.
- c) Calquera deterioro nas instalacións ou equipamentos cedidos deberá ser repostado ou reparado de inmediato trala celebración da competición por conta da Agrupación Deportiva Castro San Miguel con CIF.: G 36657856.
- d) Concello non asumirá ningún outro compromiso agás os especificados nos apartados anteriores.

15(335).-SOLICITUDE DA COMISIÓN DE FESTAS DE SAN LORENZO DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA “FESTA DE S. LORENZO” EN CORUXO, OS DÍAS 10,11 E 12 DE AGOSTO DE 2005. EXPTE. 70864/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da Xefa de Seguridade e Transportes do 12.04.05, conformado polo concelleiro-delegado de Área, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á COMISIÓN DE FESTAS DE SAN LORENZO, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA DE SAN LORENZO, os vindeiros 10, 11 e 12 de agosto de 2005 en Coruxo, na zona marcada e delimitada no plano que se achega no expediente, debendo: delimitar o recinto, deixar espacio baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse, así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado:

10 de agosto de 2005	3:30 horas.
11 de agosto de 2005	3:30 horas.
12 de agosto de 2005	0:00 horas

- Límite transmisión ruidos non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

16(336).- SOLICITUDE DA COMISIÓN DE FESTAS DE SAN SEBASTIÁN DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA “FESTA DE S. SEBASTIÁN” EN FRAGOSELO, OS DÍAS 3,4,5 DE XUÑO DE 2005. EXPTE. 70863/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da Xefa de Seguridade e Transportes do 13.04.05, conformado polo concelleiro-delegado de Área, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á COMISIÓN DE FESTAS DE SAN SEBASTIÁN, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA DE SAN SEBASTIÁN, os vindeiros 3, 4 e 5 de xuño de 2005 en Fragoselo, na zona marcada e delimitada no plano que se achega no expediente, debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse, así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado 3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

17(337).- SOLICITUDE DE AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS FESTAS NAS PARROQUIAS DE VIGO. EXPTE. 70860/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da Xefa de Seguridade e Transportes do 12.04.05, conformado polo concelleiro-delegado de Área, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración de diversas festas nos días que se relacionan a continuación:

FESTAS	DIAS
San Isidro-Moledo (Sárdoma)	14, 15 e 16 de maio
Ascensión-Bembrive	5 de xuño
San Bieito Monte Pequeno-Candeán	9 de xullo
Sta. Mariña de Cabral	15, 16, 17 e 18 de xullo
San Cristobo-Candeán	25 e 26 de xullo
Santa Ana-Beade	25, 26, 27 e 28 de xullo
San Salvador de Coruxo	5 e 6 de agosto
Os Liñares-Canido	10, 11, 12 e 13 de setembro
Os Pexegos-Candeán	10, 11 e 12 de setembro
As Dores- Cabral	17 e 18 de setembro
San Cibrán- Bembrive	17 e 18 de setembro
San Miguel de Oia	29 e 30 de setembro

nas zonas marcadas e delimitadas nos planos que se achegan, debendo: delimitar o recinto, deixar espacio baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Deberán presentar con anterioridade á celebración das citada festas, e por cada unha delas, póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.000 €, entendéndose non autorizadas se non se presenta a mesma.

Deberán así mesmo presentar unha Póliza de Responsabilidade Civil Complementaria da presentada na que se inclúan os posibles riscos derivados das instalacións desmontables portátiles que foran construídos con carácter provisional ou estruturas metálicas.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado: 3:30 horas.(agás a Festa de San Isidro de Moledo, que terá un horario máximo de até as 2:30 horas).
- Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na táboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás

normas sobre ocupación de espacios públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

18(338).-SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS FESTAS NAS PARROQUIAS DE VIGO. EXPTE. 70859/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da Xefa de Seguridade e Transportes do 12.04.05, conformado polo concelleiro-delegado de Área, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración de diversas festas nos días que se relacionan a continuación:

FESTAS	DIAS
San Paio de Navia	24, 25, 26 e 27 de xuño
San Pedro de Sárdoma	28 e 29 de xuño
Consolación de Coia	1, 2, 3, 4 e 5 de xullo
Santa Baia de Alcabre	9, 10, e 11 de xullo
Santa Cristina de Lavadores	23 e 24 de xullo
O Rosario de Lavadores	7, 8 e 9 de outubro

Nas zonas marcadas e delimitadas nos planos que se achegan, debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Deberán presentar con anterioridade á celebración das citada festas, e por cada unha delas, póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.000 €, entendéndose non autorizadas se non se presenta a mesma.

Deberán así mesmo presentar unha Póliza de Responsabilidade Civil Complementaria da presentada na que se inclúan os posibles riscos derivados das instalacións desmontables portátiles que foran construídos con carácter provisional ou estruturas metálicas.

Ten a obriga de incluír na dita Póliza unha cobertura de responsabilidade Civil até 1.800 € polos posibles danos producidos ao Patrimonio Municipal no lugar onde se realicen os festexos por estar así mesmo excluídas da Póliza Municipal:

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado: 3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na táboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

19(339).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN CULTURAL TRIANA DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA “IV FEIRA TRIANERA DE VIGO” NOS APARCADOIROS DE SAMIL, DENDE O 31 DE MAIO ATÉ O 6 DE XUÑO DE 2005. EXPTE. 70756/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da Xefa de Seguridade e Transportes do 12.04.05, conformado polo concelleiro-delegado de Área, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á ASOCIACIÓN CULTURAL TRIANA DE VIGO, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da IV FEIRA TRIANERA DE VIGO nos aparcadoiros de Samil, dende o 31 de maio de 2005 e até o 6 de xuño de 2005, na zona marcada e delimitada no plano que se achega no expediente, debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

20(340).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO EN MATERIA DE MOBILIDADE. EXPTE. 70814/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.04.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Mobilidade e Seguridade, da mesma data, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo en materia de mobilidade, co texto que de seguido se transcribe.

2º.- Autorizar o gasto, a dispoñibilidade do crédito e facer o aboamento do mesmo nos termos derivables da cláusula última do convenio por un importe de 30.000 € con cargo á partida 2220.227.06.05 do orzamento correspondente o ano 2005.

3º.- O presente acordo surtirá efectos a partir da data prevista no Convenio e unha vez asinado o mesmo.

4º.- Dese conta do acordo á Intervención Xeral a través da oficina de xestión.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO EN MATERIA DE MOBILIDADE REUNIDOS

Dunha banda a Ilma. Sra. Dona Corina Porro Martínez, Alcaldesa-presidenta da Excm. Corporación Municipal en virtude de nomeamento por Acordo plenario de data 13 de decembro de 2003.

Doutra banda, o Excmo. Sr. Don Domingo Docampo Amoedo, Rector Magfco. da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galiza núm. 185/2002, do 27 de maio publicado no Diario Oficial de Galicia (D.O.G.) núm. 102, do 29 de maio de 2002, dacordo coas competencias que lle otorga o artigo 20 da Lei orgánica de universidades 6/2001, do 21 de decembro e o artigo 59 dos Estatutos da Universidade de Vigo, publicados no D.O.G., núm. 237, de 5 de decembro de 2003, con domicilio en Vigo (Pontevedra).

OBXECTO

Preténdese con este CONVENIO poñer á disposición do Concello uns medios humanos e técnicos da Universiade de Vigo co fin de ter mellor coñecemento dos problemas e presentar solucións concretas sobre aspectos transcendentais na mobilidade urbana.

Como obxectivos mínimos que deberán ser estudados establécense:

- I. PACTO CÍVICO DE MOBILIDADE e ACCESIBILIDADE, dando participación a axentes sociais e representativos, sostido nunha MESA POLA MOBILIDADE E SOSTIBILIDADE que deberá funcionar como órgano base para a súa posta en marcha e o seu seguimento. O referido pacto é*

necesario se se pretende afrontar cambios importantes necesarios para dar resposta a graves problemas de mobilidade e porque se entende que se precisan cambios importantes e os axentes sociais, necesariamente implicados, son numerosos e porque os cidadáns tamén teñen unha cota de responsabilidade que asumir.

Aínda que un proxecto tan ambicioso como este pode levar moitos anos no seu desenvolvemento até a culminación dos proxectos, preténdese con este CONVENIO poñer a primeira pedra desenvolvendo unhas actuacións de posta en funcionamento da Mesa e do pacto para proceder en anos futuros ao seu necesario desenvolvemento e a concreción dos proxectos.

O prezo deste Convenio establécese en 30.000 €.

II. ACTUACIÓNS DESTE CONVENIO, ESTUDOS E PROPOSTAS CONCRETAS

- a) *Análise de antecedentes, estudos e proposta dunha ORDENANZA DE MOBILIDADE.*
- b) *Deseño de rutas para o tráfico pesado e propostas de sendas urbanas peonís. Propostas concretas con sinalización horizontal e vertical precisa, acompañada de cuantificación económica da execución das actuacións propostas. Achegarase cartografía a escala adecuada e suficiente.*
- c) *Análise, estudo e propostas de modificación-ampliación das zonas de carga e descarga actualmente establecidas na cidade, con especial concreción na zona comprendida entre as rúas Isaac Peral, Travesía de Vigo, Pizarro, Gran Vía e Coruña, con concreción de localizacións, sinalización horizontal e vertical. Achegarase cartografía a escala adecuada e suficiente.*

PRAZO DE EXECUCIÓN

O Convenio propónse para un prazo dun ano, que contará desde a súa sinatura, tempo que se estima necesario para concluír o traballo indicado no apartado II do Obxecto e servirá para iniciar os traballos e establecer as primeiras reunións da Mesa e do pacto pola Mobilidade e Sostibilidade.

ORZAMENTO

Establécense para a execución dos traballos un orzamento de 30.000 €; existindo consignación orzamentaria na partida 2220 2270605 (Estudos e traballos técnicos); Considérase incluída na mencionada cantidade o persoal necesario, o material informático, os estudos necesarios, os medios impresos e todo tipo de gastos incluído o IVE; é dicir, sen gasto adicional de ningún tipo para o Concello.

DIRECCIÓN DO TRABALLO

Por parte da Universidade designarase ao catedrático D. Juan Leiceaga e ó profesor D. Esteban López como autores do proxecto, expertos en tráfico.

Por parte do Concello, ademais de poñer á disposición do estudo todo tipo de datos e medios técnicos e humanos dispoñíbeis designarase como coordinador a D. Juan Ramón Comesaña Alén, xefe de Area, que supervisará as actuacións para o bo fin do proxecto.

PRESENTACIÓN DE TRABALLOS

Os traballos presentaranse en CD e en papel impreso por cuadruplicado exemplar e encarpetao coa cartografía, con inclusión ademais dunha programación informática en POWER-POINT para que poida ser presentada a diferentes colectivos ou medios de comunicación.

FORMA DE PAGAMENTO

Supervisados os traballos e conformadas as facturas procederase ao seu pagamento como segue:

1. *Á presentación dun borrador dos diferentes traballos esquematizados como análise da problemática e propostas de actualización concretas en prazos e temática, que deberá presentarse no prazo de 2 meses desde a firma do CONVENIO.*
3.000 €
2. *Á presentación dos traballos especificados no Apartado II ACTUACIÓNS DO CONVENIO, ESTUDOS E PROPOSTAS CONCRETAS, que deberán estar á disposición do Concello antes de finalizar o ano 2005 con propostas definidas para a súa aplicación.*
15.000 €
3. *Unha vez realizada a primeira reunión da MESA pola MOBILIDADE E SOSTIBILIDADE, transcorrido non máis de 10 meses desde a sinatura do CONVENIO.*
5.000 €
4. *A cantidade restante entregarase unha vez constituído, coa participación dos axentes sociais e representativos, o PACTO CÍVICO DE MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE.*
7.000 €

21(341).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 470.307,98 € A FAVOR DA EMPRESA CESPA, S.A.EN CONCEPTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA ZONAS VERDES. EXPTE. 3047/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable da interventora xeral, do 1.04.05, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 8.04.05, a Xunta de Goberno local acorda:

A indemnización substitutiva das actuacións e do gasto e recoñecemento de obriga a favor da empresa CESPA por importe de 470.307,98.-€, con cargo a aplicación presupostaria que consta no documento contable RC nº 14538.

22(342).-FIXACIÓN DE PREZO DE VENDA AO PÚBLICO DA EXPOSICIÓN “ARTE SACRA-VIGO, TRADICIÓN E FÉ” DA CASA DAS ARTES DE VIGO QUE SE REALIZARÁ DURANTE OS MESES DE ABRIL E MAIO DE 2005. EXPTE. 1530/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal de Vigo “Quiónes de León”, do 11.04.05, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

Poñer á venda 150 catálogos, dos 1000 editados co gallo da exposición “Arte sacra-Vigo, tradición e fé” a un prezo unitario de venda ao público de 10 euros.- IVE incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do concello e de intercambio do museo.

23(343).-RENOVACIÓN ANUAL DA CESIÓN EN USO DOS LOCAIS DO VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS, A FAVOR DA “ASOCIACIÓN LEGAIS” E “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y HOSTELEROS VIGO VELLO”. EXPTE. 2447/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do Xefe do Servizo de Participación Cidadá do 07.04.05, conformado pola Delegada da Area de Participación Cidadá, que di o seguinte:

No marco do programa municipal “Viveiro de Asociacións” situado dentro das instalacións do Centro Cívico do Barrio Histórico, na rúa Oliva 12, o Pleno do Concello de data 27.05.02, aprobou as bases do concurso para a autorización do uso e goce privativo de seis espazos dedicados a administración e xestión de entidades asociativas da cidade.

Por acordo da Comisión de Goberno de 30.03.04 aprobouse o outorgamento da autorización do uso dos espazos lettras, “D” e “F”, as entidades “Legais” e “Asociación de Comerciantes y Hosteleros VigoVello” establecendo unhas cotas de coparticipación nos gastos correntes do inmovible de 888 € e 1.279 € respectivamente.

Conforme o estipulado na cláusula 6º das bases que rexen para a concesión en uso destes espazos, o prazo de cesión renovárase anualmente cun prazo máximo de tres anos.

A tal fin, as entidades “Legais” e “Asociación de Comerciantes y Hosteleros VigoVello” solicitaron por escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello -documentos 50028143-50031694-50037900 e 50025485-50030079 respectivamente, a correspondente solicitude de prórroga, achegando diversa información relativa á memoria de xestión e balance económico do pasado ano, así como programa de actividades e presuposto de gastos e ingresos do presente ano.

Ambas as dúas entidades presentan certificados de atoparse ao corrente de débedas có Concello de Vigo, Axencia Estatal Administración Tributaria e Tesourería Territorial da Seguridade Social, e se atopan ó corrente da actualización de datos do rexistro municipal de asociacións.

Por diversos avatares derivados da ocupación ilegal de diferentes espazos polo Plan Comunitario Casco Vello no foi posible iniciar o prazo de cesión dende a data do acordo , o cal provocou un atraso na ocupación dos espazos. Unha vez resoltos estes problemas procedeuse con data 07.05.04 á entrega formal das chaves dos devanditos espazos, sendo esta última data a que se corresponde co inicio de vixencia.

Por todo isto, e de conformidade co establecido nas bases que rexen este concurso, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Conceder ás asociacións Legais, CIF G-36852986 ,”Asociación de Comerciantes y Hosteleros VigoVello”, CIF G-36909232 , a prórroga por un ano e con efectos dende o día 07.05.05, a cesión en uso dos locais identificados como “D” e “F”,xunto cos seus bens mobles, sito no Viveiro de Asociacións do Centro Cívico do Barrio Histórico

2º.- Xirar respectivamente as entidades, a liquidación das cotas anuais de coparticipación nos gastos correntes do inmovible polo importe de 888 € e 1.279.”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(344).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE DOUS ASCENSORES NA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 10261/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas asinado polo enxeñeiro industrial municipal, de data 17.02.05, e o prego de cláusulas administrativas modificado

asinado polo xefe de negociado de Contratación con data 4.04.05 ambos para a subministración e instalación de dous ascensores no edificio da Casa do Concello de Vigo; visto o informe do titular da Asesoría Xurídica do 1.03.05 e de acordo co informe-proposta do Xefe de Negociado de Contratación do 4.04.05, conformado polo concelleiro da Area de Xestión Municipal, e pola Interventora Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 208.500 euros para a subministración e instalación de dous ascensores no edificio da casa do Concello de Vigo con cargo á partida 1210.623.00.00 do presuposto do ano 2005.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas técnicas e administrativas (na versión de data 04.04.05) particulares para a subministración e instalación de dous ascensores no edificio da casa do concello de Vigo.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

25(345).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL DE SAIANS. EXPTE. 6251/332.

Antecedentes

Con data 13.12.05 a Xunta de Goberno local aprobou o expediente de contratación por concurso da xestión do Servizo Escola Infantil municipal “Costeira” de Saiáns.

Con data 21.01.05 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, publicado no DOG nº 251 de data 28.12.04 e no BOP nº 3 de data 5.01.05, presentáronse as seguintes propostas: 1) Dumbo S.L., 2) Pastora López Rosendo, 3) Colegio Los Milagros S.L., 4) Ana Naya García S.L. e 5) Eulen Servicios Sociosanitarios S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 24.01.05 procedeu á apertura da documentación presentada, excluindo a proposta de Pastora López Rosendo por non presentar a clasificación esixida para concorrer á licitación, admitindo as demais e pasándoas a informe do servizo de Educación.

A xefa do Servizo de Educación emite informe de valoración das ofertas, con data 1.04.05, proponendo a adxudicación do concurso a Eulen Servicios Sociosanitarios S.A.

A Mesa de Contratación na sesión do 11.04.05, visto o devandito informe, formula a proposta de adxudicación que consta na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. o concurso para a contratación da xestión da escola infantil de Saiáns por un importe de 168.336 euros/anuais e unha aportación de 12.000 euros

adicionais para a adquisición de material non inventariable preciso para a posta en marcha da escola. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 13.12.2004 e a oferta presentada.

26(346).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA SEGUNDA FASE DO MURO DE CONTECIÓN E PECHE NO CEIP COUTADA BEADE. EXPTE. 6508/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o proxecto da segunda fase de construción do muro de contención e peche do recinto escolar do CEIP Coutada-Beadede redctado pola arquitecto técnico, Sr. Alonso Asenjo, e o prego de cláusulas administrativas para a contratación das obras, asinado polo xefe de negociado de Contratación con data 11.02.05; visto o informe do titular da Asesoría Xurídica do 3.03.05 e de acordo co informe-proposta do Xefe de Negociado de Contratación do 11.02.05, conformado polo concelleiro do Area de Asuntos Sociais e pola Interventora Xeral que di o seguinte

1º.- Aprobar o proxecto da segunda fase de construción do muro de contención e peche do recinto escolar do CEIP Coutada-Beadede redactado pola arquitecta-técnica Dª. Beatriz Alonso Asenjo.

2º.- Autorizar o gasto de 41.998,67 euros para a execución das obras da segunda fase de construción do muro de contención e peche do recinto escolar do CEIP Coutada-Beadede que se imputaran a partida 422 0 601 00 01.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado da execución das obras do proxecto de construción do muro de contención e peche do recinto escolar do CEIP Coutada-Beadede.

4º.- Solicitar ofertas al menos a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

27(347).-RATIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE CESIÓN GRATUITA DE PARCELA NO MEIXOEIRO Á TESOURERÍA TERRITORIAL DA SEGURIDADE SOCIAL PARA DESTINO A RESIDENCIA SANITARIA (HOSPITAL MEIXOEIRO). EXPTE. 17254/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do Xefe da Unidade de Patrimonio do 08.04.05, conformado pola Xefa do Area de Réxime interior de Patrimonio, que di o seguinte:

O Concello de Vigo por acordo do pleno municipal do 16.11.83, rectificando por outro de data 29.02.84, acordou ceder gratuitamente ó Estado (Tesourería Xeral da Seguridade Social), unha párcela de 21.400 m2 a segregar polo Suroeste da finca municipal Meixoeiro ou Regueiro Furado, inscrita no Rexistro da Propiedade co número 12.284 o Tomo 144 da Sección II Folio 155 Volto, e co destino a construción dun hospital no Meixoeiro.

No mesmo acordo ratifícase o acordo de cesión adoptado para os mesmos fins pola Entidade Menor de Bembrive dunha párcela de 8.895 m2 da que é titular e colindante coa anteriormente sinalada municipal. As

cesións acordadas quedaban suxeitas o previsto no Regulamento de Bens das Corporacións Locais no seu artigo 97 (na actualidade artigo 111 do vixente RBEL do 1986).

De acordo coa documentación que obra no expediente instruído no seu día ó efecto e que deu lugar os acordos cesionais adoptados non consta que as devanditas cesións houberan sido obxecto da correspondente formalización en documento público entre as administracións intervintes. Neste orde, co fin de cumprimentar as mesmas, e regularizar a situación física e xurídica da devandita parcela a que deu lugar a transmisión acordada e as actuacións levadas a cabo polas devanditas administracións co obxecto da construción do Complexo Sanitario existente no Meixoeiro, procedeuse polo servizo de Cartografía o pasado mes de febreiro o informe da descripción da parcela segregada obxecto de cesión a si como a finca resultante, remitiendo planos de deslinde do monte UP nº 869LD e topográfico da devandita parcela. Así mesmo expídiuse certificación rexistral da inscrición da finca nº 12.284 do monte chamado Meixoeiro, e polo Xefe do Servizo de Montes da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia informouse consonte a parcela de cesión non invade monte comun clasificado na parroquia de Lavadores nin terreos pertencentes a Entidade Local Menor de Bembrive.

Por todo lo exposto considerase pertinente proceder a formalización da cesión acordada e conseguintemente proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Ratificar o acordo plenario de 16.11.83 e 29.02.84 de cesión gratuita á Tesourería Xeral da Seguridade Social da parcela de 21.400 m² do Monte Meixoeiro nº 869 de Libre disposición (finca rexistral 12.284) para o seu destino a Residencia Sanitaria (Hospital Meixoeiro), que segregase polo vento Sur-Oeste desta, de acordo co plano topográfico do Servizo Municipal de Cartografía e os seguintes lindeiros:

- Norte: propiedades de Paradela, hoxe viuva de D. Urbano Pérez, Da. Silvia Garcia Nogueira e D^a Agripina Lago Domínguez*
- Sur: monte da Entidade Local Menor de Bembrive*
- Leste: terreos da finca matriz cedidos polo Concello e ocupados pola Universidade Laboral Femenina.*
- Oeste: propiedades de Estripeiro de Cristina y Castelo, hoxe D. Fernando Rodríguez Docampo e outros.*

2º .- Proceder á formalización en documento público da cesión gratuita da parcela de 21400 m², acordada, a favor da Tesourería Xeral da Seguridade Social para o seu destino a Residencia Sanitaria, e con plena suxección ao disposto no Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(348).-RECURSO DE REPOSICIÓN DE D^a ELVIRA GARCÍA GARCÍA CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DE 31.01.05, DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. EXPTE. 4/423. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 31.03.05, conformado pola xefa do Area de Réxime Interior e o concelleiro Delegado de Patrimonio que di o seguinte:

Dona Elvira García García, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de febreiro de 2005, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 31 de xaneiro de 2005, que desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola Sra. García en data 3 decembro de 2003.

A Sra. García García, no seu escrito de recurso, manifesta a súa disconformidade coa resolución recorrida e pide que se revise o expediente, xa que a reclamación foi desestimada por falta de proba e no expediente consta un parte de intervención da Policía Local firmado polo axente que a recolleu na rúa e chamou a ambulancia.

Revisados os informes obrantes no expediente, tanto da Policía Local como da Policía Nacional, dos mesmos non se deduce que os axentes foran testemuñas directas do accidente, se limitan a consignar o feito da caída e o auxilio prestado á vítima, polo que non son suficientes para probar que a causa eficiente da caída fora o deficiente estado da beirarrúa e así poder vincularla ó funcionamento de algún servizo público deste Concello.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dona Elvira García García mantendo firme a resolución impugnada, por non resultar desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(349).-RECURSO DE REPOSICIÓN DE D^a MARÍA ANGELES LÓPEZ ROCHELA CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DE 24.01.05, DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. EXPTE. 15128/240. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 31.03.05, conformado pola xefa do Area de Réxime Interior e o concelleiro Delegado de Patrimonio que di o seguinte:

Dona M^a Angeles López Rochela, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 1 de Marzo de 2005, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 24 de xaneiro de 2005, na que se desestima a súa reclamación de responsabilidade patrimonial presentada en data 29 de Maio de 2002.

A Sra. López Rochela no seu escrito de recurso se limita a recoller nos antecedentes as actuacións que constan no expediente discutindo o criterio seguido polo Consello Consultivo de Galicia no seu dictame e nos fundamentos de dereito cita os artigos da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común relativos ó recurso de reposición sen facer alegación algunha que desvirtúe os fundamentos legais que serviron de base para a adopción da resolución impugnada e solicitando únicamente que se derogue esta resolución e se adopte unha nova estimando a súa reclamación de danos.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dona M^a Angeles López Rochela mantendo firme a resolución impugnada, por non resultar desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(350).-RECURSO DE REPOSICIÓN DE D^a MANUELA DOMÍNGUEZ NOVOA CONTRA ACORDO X.GOBERNO LOCAL DE 10.01.05, DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. EXPTE. 15462/240. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 31.03.05, conformado pola xefa do Area de Réxime Interior e o concelleiro Delegado de Patrimonio que di o seguinte:

Dona Manuela Dominguez Novoa, mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 1 de Marzo de 2005, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 10 de xaneiro de 2005, na que se desestima a súa reclamación de responsabilidade patrimonial presentada en data 7 de Novembro de 2002.

A Sra. Dominguez Novoa, no seu escrito de recurso, se limita a recoller nos antecedentes as actuacións que constan no expediente discutindo o criterio seguido polo Consello Consultivo de Galicia no seu dictame e nos fundamentos de dereito cita os artigos da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común relativos ó recurso de reposición sen facer alegación algunha que desvirtúe os fundamentos legais que serviron de base para a adopción da resolución impugnada e solicitando unicamente que se derogue esta resolución e se adopte unha nova estimando a súa reclamación de danos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dona Manuela Dominguez Novoa, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultar desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(351).-RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ MANUEL VILLA COLLAZO POR DANOS OCACIONADOS NO SEU VEHÍCULO POR MOR DUN COLECTOR DO LIXO DEZPRAZADO POLO VENTO. EXPTE. 15472/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.02.05, en relación coa reclamación de D. José Manuel Villa Collazo de danos no seu vehículo cando circulaba pola rúa Cánovas do Castillo por mor dun colector do lixo desprazado polo vento; visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 17.03.05, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica de Admón. Xeral, do 4.04.05,

conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don José Manuel Villa Collazo, indemnizándolle na contía de 270.87 euros, correspondente ó valor de reparación do vehículo da súa propiedade.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no aritgo (33-l-i) do devandito Regulamento.

32(352).-DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes emitidos por Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución das fianzas que de seguido se detallan, xa que os traballos obxecto de constitución da fianza foron realizados conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

a) A New Technology Consultign S.L. a fianza de 1.440,03 euros, constituída para responder da subministración de aplicación informática para a xestión integral da Policía Local. Expte. 610/241.

b) A Informix Software Ibérica S.A. a fianza por importe de 128,56 euros, constituída para responder da asistencia para a utilización da base de datos informix xa que o servizo foi recibido mediante acta de 23.09.93. Expte. 640/241.

33(353).-DISTRIBUCIÓN DO PRESUPOSTO DO FONDO SOCIAL PARA O ANO 2005. EXPTE. 15583/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta visto o acordo da Comisión do fondo de Acción Social onde se recolle a distribución do presuposto e bases de dito fondo social para o ano que di o seguinte:

BASES E ORZAMENTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL 2005

1.- Axudas socio-sanitarias: 150.253,00 €
Destinadas a cubrir gastos de próteses, gafas, e todo tipo de necesidades médicas que non cubre a Seguridade Social, da unidade familiar.

Documentación:

- *Impreso de solicitude do Fondo.*
- *Fotocopia compulsada da factura ou orixinais, (facturas que abranguen dende o 1 de xuño do 2004 ata o 31 de maio de 2005).*
- *Páxina 1 da declaración da renda ou libro de familia (parellas de feito, documentación acreditativa).*
-
- Prazo presentación solicitudes: Ata o 31 de maio 2005.*

2.- Axudas estudos: 90.151,00 €

Destinadas a cubri-los gastos de garderías e estudos oficiais, tanto dos fillos/as solteiros/as como do propio traballador/a.

Documentación:

- *Impreso de solicitude do Fondo Social.*
- *Matrícula do centro (só maiores de 16 anos).*
- *Páxina 1 da declaración da renda ou libro de familia.*
- *Matrícula gardería.*

Prazo presentación solicitudes: Do 1 de setembro ata o 30 de novembro de 2005.

Para os que non poidan presentar xustificante de universidade no prazo establecido, abrírase un novo prazo no mes de xaneiro do ano seguinte.

- 3.- *Axudas extraordinarias:* 89.244,00 €
*Destinadas a afrontar sucesos graves e extraordinarios –
debidamente xustificadas.*

Prazo presentación solicitudes: Durante todo o ano.

Destinatarios: Persoal do Concello de Vigo.

Solicitudes: Recóllense e entréganse, xunto coa documentación, nos locais do Comité (5º andar).

No caso de traballar os dous cónxuxes no Concello só poderá solicitar un deles polo mesmo concepto (as parellas estables consideraranse parellas de feito).

A comisión, unha vez contabilizadas e valoradas o número de solicitudes presentadas, determinará a contía a outorgar por grupos (A,B,C,D,E).

Unha vez exposto o listado de axudas concedidas, hai un prazo de 30 días para reclamacións.

As cantidades non consumidas de calquera dos apartados acumularanse a outra. A Comisión poderá variar as partidas presupostadas en función das necesidades de cada apartado.

Queda excluída a limpeza bucal do traballador/a, por estar cuberta pola Mutua.

Quedan excluídos os tratamentos médicos que non esten recoñecidos, nin recetados pola Seguridade Social ou Sergas.

FINAL: Todo traballador/a que falsifique ou modifique a documentación orixinal non recibirá novas axudas do Fondo e polo período que establece a Comisión.

Consta no expediente informe de Intervención Xeral, de 17.03.05, e informes-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 3.02.05 e do 11.04.05.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade cos devanditos informes, acorda:

1º.- Aprobar a distribución do Fondo Social para o ano 2005, por un importe de 240.404 € (douscentos corenta mil catrocentos catro euros) nas axudas socio-sanitarias e axudas para estudos e

89.244 € (oitenta e nove mil douscentos corenta e catro euros) para axudas co obxecto de facer fronte a sucesos graves e extraordinarios que lle poidan ocorrer ao persoal do cadro ou a súa familia, acordadas pola comisión do Fondo de Acción Social.

2º.- De conformidade co previsto no art. 5 do Regulamento do Fondo Social, a comisión xestora deberá elaborar unha memoria anual sobre a execución do programa do ano pasado, que remitirá ao Presidente da Corporación e deberá darlle a debida publicidade entre o persoal.

3º.- Excluir da aprobación do presente acordo o parágrafo transcrito no epígrafe terceiro (axudas extraordinarias) do acordo da Comisión Xestora do Fondo Social, relativo á posibilidade de acumulación entre si das cantidades non consumidas dos distintos apartados do presuposto do Fondo de Acción Social.

34(354).- PRODUCTIVIDADE DA FUNCIONARIA Dª ANA Mª SOTO SOBRADO POLO DESEMPEÑO DE FUNCIÓNS DE SUPERIOR CATEGORÍA. EXPTE. 695/321.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 17.03.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer e aboar á administrativa de administración xeral Sra. Dª. Ana Mª. Soto Sobrado a cantidade bruta de 1.726 euros en concepto de productividade polo especial rendemento e dedicación amosada con motivo da encomenda de funcións de superior categoría realizadas durante o período de baixa laboral da xefa de negociado de información, Sra. Dª. Mª. Sol Vazquez de la Cruz, autorizada por resolución da Alcaldía de 4 de maio de 2004.

Dése traslado da presente resolución ao interesado, Unidade de Persoal, Intervención Xeral, Comité de Persoal e ao Rexistro Xeral para exposición pública por prazo de dez días no taboeiro de Edictos.

35(355).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 7.04.05 RELATIVA Á GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2005. EXPTE. 15706/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do decreto da Alcaldía de data 7.04.05, polo que a Excma. Alcaldesa resolve o seguinte:

Recoñecer ass obrigas que polo concepto de gratificación por servicios especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servicio de Extinción de Incendios, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don Ricardo Pérez González, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de MARZO-2005, e que ascenden a un total de 21.921'37 €, (VINTE UN MIL

NOVECIENTOS VINTE UN EUROS CON TRINTA SETE CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN.

36(356).-DECLARACIÓN EN SITUACIÓN DE SERVICIOS ESPECIAIS DO FUNCIONARIO D. XESÚS M. COSTAS ABREU. EXPTE. 15712/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 13.04.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

Declarar ao funcionario municipal Sr. D. Xesús Manuel Costas Abreu en situación administrativa de servicios especiais con efectos 18 de abril de 2005, polo seu nomeamento de Vixerente de persoal da Universidade de Vigo.

Durante o tempo en que dure esta situación o funcionario percibirá as retribucións propias do posto ou cargo efectivamente desempeñado na Universidade de Vigo , debéndoselle computar en todo caso o tempo desta prestación a efectos de ascensos , consolidación do grao persoal, trienios e dereitos pasivos.

A declaración desta situación administrativa comporta o dereito á reserva de posto de traballo consonte ao disposto no artigo 7 do RD 365/95

Unha vez rematado o vínculo xurídico que motivou a declaración de servicios especiais, o funcionario deberá solicita-lo reingreso no servicio activo no prazo dun mes, declarándose en caso contrario en situación de excedencia voluntaria.

Asemade, deberá incorporarse polo propio interesado copia da resolución ou contrato acreditativo da prestación de servicios na Universidade, no prazo de quince días contar dende a recepción da presente resolución.

37(357).- BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCIÓN DE INVESTIMENTOS E ACTIVIDADES TURÍSTICAS DURANTE O ANO 2005. EXPTE. 1601/104.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da Coordinadora de Turismo, Comercio e Industria do 25.01.05, conformado pola Concelleira de Turismo e Comercio e a Interventora Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as bases de convocatoria de subvencions para o ano 2005, para promoción de investimentos e actividades turísticas realizadas durante o exercicio 2005, co obxecto de promover e impulsar ao sector turístico e comercial da cidade, por unha contía máxima de 90.101,21€, dos que 30.000€ serán con cargo á partida 7510 4700000, subvencions correntes, e 60.101,21€ con cargo á partida 7510 7700000, subvencions de capital, do programa orzamentario da Concellería de Turismo, aprobado para o ano 2005.

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A PROMOCION DE INVESTIMENTOS E ACTIVIDADES TURÍSTICAS 2005

DEFINICIÓN

TURISMO DE VIGO convoca subvencións para a promoción de actividades turísticas, que pretende profundizar na mellora da oferta e da calidade dos servizos turísticos que se ofrecen na cidade.

A Concellería de Turismo e Comercio pretende propiciar un entorno favorable para a creación e desenvolvemento de iniciativas turísticas de calidade, públicas e privadas, dado o peso do sector turístico no conxunto da economía local e na creación de emprego

Os cambios constantes da demanda turística e a evolución dos seus gustos cara a esixencias cada vez maiores de calidade, xunto cos destinos competidores, fan necesario o impulso do concepto “calidade” como factor diferenciador da nosa oferta nos mercados turísticos, substituíndo á “competitividade” ata agora vixente.

Turismo de Vigo pretende con esta convocatoria de subvencións complementar o produto turístico co coidado dos pequenos detalles facilmente recoñecibles e moi directamente percibidos polo turista, intentando dotar cun contido máis turístico ós investimentos en infraestruturas e a prestación de servizos.

Esta convocatoria de axudas públicas ten como obxectivo o desenvolvemento e potenciación do destino turístico VIGO e, en consecuencia, dos seus recursos turísticos.

Baixo os principios xerais de publicidade, concurrencia e obxectividade, Turismo de Vigo pretende establecer unha liña de subvencións para a consecución destes obxectivos.

Este ano a Concellería de Turismo quere centrar esta liña de axudas na recuperación de espazos de ocio, na mellora da calidade dos servizos turísticos, na promoción turística a través de diferentes publicacións, na consolidación e promoción de subprodutos turísticos (turismo comercial, turismo cultural, turismo de congresos...) e na formación do persoal que trata co turista, procurando unha cidade habitable, cohesionada e ben comunicada.

OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA

Os obxectivos e efectos que se pretenden a medio e longo prazo coa aplicación deste plan de subvencións son os seguintes:

- 1.- Fortalecer a imaxe turística da cidade e o seu posicionamento nos mercados emisores.*
- 2.- Fomentar a participación e integración dos axentes e asociacións empresariais do sector turístico e comercial nas actividades de promoción da cidade.*
- 3.- Impulso á proxección comercial, co fin de incrementar a identificación dos produtos turísticos vigueses.*
- 4.- Desenvolvemento de plans especiais de promoción, orientados ó turismo temático: turismo náutico, turismo cultural, turismo de compras, turismo de congresos, etc.*
- 5.- Impulso de accións orientadas a potenciar e estimular a marca turística de calidade: zonas de ocio e recreo atractivas, con mobiliario urbano e de terrazas unificado, sinalética uniforme.*
- 6.- Apoio ás iniciativas de promoción e comerciais de interese xeral para o sector turístico.*
- 7.- Creación e mellora de produtos turísticos, rutas temáticas naturais, históricos e/ou culturais.*
- 8.- Acceso e implantación de tecnoloxías da información e procesos de tecnificación e innovación que contribúan á mellor difusión da información turística.*
- 9.- Implantación de sistemas de calidade e auditorías de calidade.*
- 10.- A mellora na formación do persoal do sector turístico e comercial.*

O obxectivo principal desta convocatoria é a mellora do posicionamento competitivo de Vigo como destino turístico, que se producirá mediante o cumprimento dos principios expostos neste apartado.

Para a consecución dos obxectivos anteditos, están previstas subvencións para o aumento da calidade dos servizos turísticos, mellora do medio urbano e natural do municipio, ampliación e mellora dos espazos de uso público dos establecementos, posta en valor dos recursos turísticos, creación de novos produtos, promoción da oferta comercial como elemento de atracción turística, co obxecto de conquistar a desestacionalización do turismo e para o aumento de gasto medio por turista, fomenta-lo asociacionismo e promocionar actividades que impliquen a proxección da calidade no exterior.

SUBVENCIONES PARA PROMOCION DE ACTIVIDADES TURÍSTICAS ANO 2005

As subvencións desta convocatoria irán dirixidas ós negocios vencellados ó sector turístico legalmente establecidos no término municipal de Vigo, así como con aquelas asociacións sen ánimo de lucro, que desenvolvan actividades de promoción da cidade e de atracción para o turismo. Esas subvencións pretenden contribuir a incentiva-los proxectos de mellora, dinamización, remodelación ou formación integral do persoal que decidan poñer en marcha estes empresarios ou asociados.

O marco legal de aplicación para a concesión das presentes subvencións será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e, polo tanto, no proceso de concesión das axudas previstas nesta convocatoria imperarán os principios de igualdade, publicidade, transparencia, obxectividade, eficacia e eficiencia enunciados no devandito texto legal.

PRIMEIRA.- BENEFICIARIOS

Terán a consideración de beneficiarios das subvencións as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares de establecementos turísticos e comerciais da cidade de Vigo e as asociacións sen ánimo de lucro, así como calquera outra empresa legalmente establecida, que desenvolvan actividades para a promoción da cidade e/ou actividades para a atracción de turistas e visitantes.

Os beneficiarios deberán cumprir a normativa que lle sexa de aplicación en cada caso.

SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO

As subvencións acollidas nesta convocatoria, a tramitación do expediente de concesión, o procedemento de selección, o réxime de outorgamento, as obrigas do beneficiario e as causas da súa extinción rexeranse:

- 1.- Lexislación básica do Estado, Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- 2.- A concesión das subvencións efectuarase mediante un réxime de concurrencia competitiva.*

TERCEIRA.- ORZAMENTO

- 1.- A contía global das axudas non poderá exceder de 90.101,21 € e serán concedidas con cargo ás partidas orzamentarias 7510 4700000 e 7510 7700000, do orzamento xeral do Concello para o ano 2005.*
- 2.- Do total do presuposto previsto, 30.000 € corresponderán a subvencións correntes a entes privados e os 60.101,21 € restantes a subvencións de capital.*
- 3.- Cada subvención individualizada por beneficiario, será estudada e aprobada en función da importancia do proxecto presentado, segundo o baremo que figura no apartado sexto. En todo caso, a contía máxima da axuda por proxecto será de 3.005,06 €.*

- 4.- Os proxectos que se presenten deberán ser dunha contía superior a 601,01 €.
- 5.- En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o coste da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ó contido da mesma.
- 6.- En ningún caso poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:
- Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.
 - Persoas ou entidades que percibiron outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
 - Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concurran nas seguintes circunstancias.
-Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
 - Persoas ou entidades solicitantes da subvención na mesma convocatoria, que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos suficientes.

CUARTA.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

SUBVENCIONES CORRENTES E DE CAPITAL

Con cargo ás subvencións correntes a entes privados e por unha contía máxima de 30.000,00 € poderán presentarse á presente convocatoria ós proxectos que persigan os seguintes fins:

- 1) Actividades de dinamización nas rúas. Subvencionarase dentro deste concepto todas aquelas actividades, que contribúan á dinamización das rúas: cine, actividades infantís, actuacións en directo, exposicións, artesanía nas rúas, feiras, exposicións, etc.

Entrarán dentro deste apartado todas aquelas actividades culturais ou de ocio que se organicen nas rúas e que resulten de especial interese para os visitantes e turistas.

- 2) Creación de novos produtos turísticos ou posta en valor dos que se están a comercializar. Valorarase especialmente calquera programa de fomento dos produtos relacionados co turismo náutico. Dado que este é o ano no que se celebrará a Volvo Ocean Race, o Concello de Vigo valorará e incentivará especialmente, a través desta convocatoria, os programas que se fundamentan na promoción dos deportes náuticos ou calquera actividade que contribúa á promoción do turismo náutico e a publicitar a Ría de Vigo como recurso turístico.
- 3) Edición de material publicitario co gallo de promocionar as actividades de dinamización nas rúas. Os beneficiarios deberán presentar un boceto ou maqueta do folleto, que deberá ser aprobado previamente pola Concellería. En todo o material que se edite deberá ser incluído o logotipo de Turismo de Vigo e a identificación do Programa de subvencións. En caso de incumprimento deste apartado, valorarase negativamente calquera outra petición posterior que se realice polo devandito beneficiario noutras convocatorias.
- 4) Edición de guías ou folletos promocionais dos recursos turísticos da cidade, guías de promoción do comercio, da gastronomía, guías con rutas turísticas, sempre e cando poñan en valor os devanditos recursos.
- 5) Organización de xornadas, conferencias, charlas-coloquio, accións formativas, seminarios, congresos ou similares, relacionadas coa promoción turística e que incidan na mellora da calidade do produto turístico, para a mellora e capacitación técnica e profesional dos xestores do turismo e do persoal das empresas turísticas.

- 6) *Subvencións para o Programa “Vigo en Nadal”, para calquera iniciativa que faga Vigo máis atractivo turisticamente na época do Nadal (decoración de fachadas, decoración de rúas con motivos especialmente orixinais ou novidosos, programas de actividades nas rúas, decoración de balconadas, etc.)*
- 7) *Deseño e implantación de rutas turísticas que poñan en valor os numerosos recursos turísticas da cidade.*
- 8) *Sinalización de sendeiros e rutas de interese turístico (rutas monumentais, comerciais, etc.), por parte de asociacións ou colectivos. Dotación de servizos para este tipo de atractivos turísticos naturais. A sinalización turística deberá incluír, en todo caso, o logotipo da Concellería de Turismo e do programa de subvencións en lugar visible. A proposta e proxecto de sinalización deberá ser, en todo caso, previamente aprobado polos servizos municipais correspondentes.*
- 9) *Promoción da nosa gastronomía: Formarán parte deste apartado todas aquelas actividades conducentes á promoción dos produtos típicos da nosa gastronomía: degustacións, promoción a prezos especiais de produtos típicos en determinadas zonas, co culto ás tradicións na súa forma de preparación, creacións de circuítos turísticos vencellados á gastronomía, rutas de tapeo, recuperación de recetas tradicionais, etc.*

→ *Tamén se poderá presentar un único proxecto consensuado entre un grupo de empresarios da mesma zona, podendo acadar a subvención total do proxecto a suma das contías individualizadas por cada empresario.*

Neste apartado, os establecementos terán a obriga de incluír o logotipo de Turismo de Vigo e a identificación do programa de subvencións en tódalas iniciativas publicitarias.
- 10) *Supresión de barreiras idiomáticas para o turista: tradución das cartas a distintos idiomas, tradución dos avisos e carteis informativos, explicación en diversos idiomas do contido das cartas - coa conseguinte descrición dos platos típicos -, datos de conversión das principais moedas extranxeiras da lista de prezos, etc.*
- 11) *Asistencia a cursos para o persoal do establecemento que facilite o trato co turista: cursos de idiomas, cursos de atención ao público, etc. Neste apartado deberán aportarse os datos e características do curso. Os datos de custo/hora/alumno, profesorado, centro no que se impartirá o curso, características técnicas do centro docente, etc. Asemade, para a xustificación posterior da subvención, ademais da factura, deberá aportarse certificación ou diploma acreditativo de asistencia do centro.*

SUBVENCIONS DE CAPITAL.

- 1) *Iluminación de edificios, conformarán parte de este apartado todas aquelas iniciativas conducentes a iluminación de edificios históricos que contribúan á súa posta en valor e que melloren a estética urbana da cidade, conformando así unha identidade propia de Vigo como destino turístico.*
- 2) *Adquisición de mobiliario de terrazas para zonas turísticas e comerciais, mediante a eliminación de publicidade e a unificación estética de cadeiras, mesas, toldos, sombrillas, para que as zonas de ocio e esparcemento estean perfectamente identificadas e conformen rutas turísticas.*
- 3) *Mellora do mobiliario urbano das zonas turísticas e comerciais: marquesinas, papeleiras, bancos... para acadar unha mellor estética e incidir así na imaxe de calidade do destino turístico.*
- 4) *Rehabilitación de fachadas dos establecementos turísticos: restaurantes, bares, cafeterías, hoteis.*
- 5) *Subvencións para reformas ou locais de nova creación, que supoñen pola súa singularidade arquitectónica ou pola innovación do produto que se comercializará un atractivo e un reclamo para o turista.*

Valorarase nestes proxectos a súa especial incidencia na imaxe que o turista percibe da cidade e que incida directamente na calidade do destino turístico.

Quedarán expresamente excluídos como obxectos subvencionables os seguintes:

1. Gastos de persoal das empresas ou asociacións.
2. Gastos de viaxes, desprazamento ou dietas.
3. Gastos derivados de operacións financeiras.
4. Gastos derivados da obtención de permisos, pago de taxas ou licencias.
5. Os gastos relativos a impostos, taxas, etc.

QUINTA: CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS E COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

- 1.- A concesión das subvencións quedará supeditada ó interese turístico do proxecto.
- 2.- Os establecementos deberán cumprir os requisitos esixidos pola normativa turística de aplicación.
- 3.- O petionario deberá declarar as axudas que teña solicitado ou obtido tanto ó iniciarse o expediente administrativo, como en calquera momento do procedemento no que se produza.
- 4.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión e, en todo caso, a obtención concurrente de subvencións outorgadas por calquera entidade pública ou privada, poderá dar lugar á modificación da subvención concedida.
- 4.- As axudas concedidas en virtude das presentes bases, que teñen a natureza xurídica de subvencións, serán compatibles con outras, calquera que sexa a súa natureza, sempre e cando a suma das axudas obtidas non exceda o total do importe do proxecto.

SEXTA: CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.-As subvencións outorgaranse baixo os principios de concorrencia e obxectividade, garantindo a transparencia das actuacións administrativas.
- 2.-Dados os obxectivos deste programa de subvencións para a promoción de actividades turísticas, a baremación das subvencións faráse tendo en conta os seguintes criterios:

SUBVENCIONS CORRENTES

- a) Actividades ou eventos que supoñan a promoción do turismo náutico, tales como feiras, programas de actividades na Ría de Vigo, eventos vencellados á náutica, promoción de produtos gastronómicos propios da Ría, etc.

En función da relevancia do evento ou programa e a súa difusión e transcendencia, así como a súa futura consolidación, ata un máximo de 50 puntos (contía máxima 3.000€). O resto dos proxectos baremaranse proporcionalmente.

- b) Por cada proxecto que supoña a dinamización directa do sector turístico ou comercial (organización de eventos, galas, actuacións, actividades nas rúas, etc.), así como a mellora da imaxe da cidade como destino turístico ou de compras, que contribúa a facer a cidade máis atractiva como destino.

En función da importancia turística do proxecto, así como transcendencia pública da actividade, ata un máximo de 50 puntos (contía máxima 3.000€). O resto dos proxectos dentro deste apartado valoraranse proporcionalmente.

- c) *Por cada proxecto que implique a consolidación dun produto turístico de calidade ou a implantación dun novo produto turístico, que contribúa a diversificar a oferta turística.*

En función da orixinalidade da idea ou proposta de actividade, ata un máximo de 50 puntos (contía máxima por proxecto 3.000€). O resto dos proxectos valorarase proporcionalmente con aquel.

SUBVENCIONS DE CAPITAL.

- a) *Por cada proxecto que supoña a adquisición de mobiliario de terrazas unificado: cadeiras, mesas, sombrillas, toldos, sen publicidade, ou a adquisición de mobiliario urbán: marquesinas, papeleiras, bancos, sen publicidade para o embelecemento de zonas turísticas ou comerciais.*
- b) *Rehabilitación, limpeza, mellora ou iluminación de fachadas de edificios singulares ou históricos, que incidan directamente en zonas turísticas ou de gran tránsito turístico ou outros investimentos que reúnan estas características.*

A puntuación dentro deste apartado concederase en función da importancia turística do proxecto, dependendo de que a zona na que se actúe sexa de especial relevancia turística. O interese do proxecto estará en relación directa co impacto na mellora da imaxe da cidade para os turistas.

Ó mellor proxecto segundo estes criterios, ata un máximo de 50 puntos (contía máxima 3.000€). O resto dos proxectos dentro deste apartado valoraranse proporcionalmente.

No caso de que as solicitudes para esta convocatoria excedan o crédito destinado a este programa de subvencións, a Comisión de Avaliación axustará proporcionalmente a totalidade das subvencións ata que a súa contía non exceda o crédito disponible para o programa.

PROCEDEMENTO

SÉTIMA: SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO

1.- As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria presentaranse por duplicado no Rexistro Xeral do Concello no impreso habilitado para tal fin ou ben por calquera dos medios previstos na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (art. 38.4) e axustarase ó modelo que se achega no ANEXO 1º destas bases.

As solicitudes dirixiranse á Concelleira de Turismo, achegando a seguinte documentación:

- Declaración expresa/responsable sobre a concesión ou solicitude doutras axudas públicas ou privadas para o mesmo fin, indicando o importe e entidade concesionaria.*
- Declaración expresa responsable de compromiso de financiamento da parte de investimento non subvencionada.*
- Declaración expresa responsable de que o investimento ou actividade se realizou entre o 1 de xaneiro de 2005 e o 1 de setembro de 2005.*

-Memoria descriptiva do investimento a realizar ou realizado, sendo imprescindible a inclusión do presuposto desglosado por partidas, e no que figurará o prazo previsto para a execución e desenvolvemento deste investimento. O presuposto deberá ser presentado por empresas especializadas nese tipo de traballos. As facturas xustificativas do investimento realizado non poderán responder a conceptos distintos dos presentados no seu día no presuposto do proxecto.

-O presuposto do proxecto deberá estar desglosado por partidas e actividades e deberá achegarse factura proforma de empresa externa.

-No caso de que a propiedade non corresponda ó solicitante da axuda, deberá acompañar título que o acredite como explotador ou arrendatario. No caso de que o contrato de arrendamento non autorice a realización das obras previstas no proxecto, deberá achegarse autorización expresa do propietario do establecemento.

-Se se actúa por representación, ésta deberá acreditarse mediante calquera medio admitido en dereito ou mediante poder bastanteado.

-Código de identificación fiscal (CIF).

-Certificación expedida pola Tesourería municipal ou copia compulsada que acredite que o solicitante está ó corrente nas súas obrigas fiscais co Concello. Non se admitirá como certificado o impreso de solicitude do mesmo.

-Certificación de estar ó corrente nas obrigas fiscais coa Axencia Tributaria, segundo a Base 38ª e o art. 81.7 LGP.

-Certificación ou copia compulsada que acredite que o/a solicitante está ó corrente nas súas obrigas fiscais fronte á Tesourería Territorial da Seguridade Social, se non existise a obriga de contribuir á mesma, substituirase o certificado oficial por unha declaración xurada asinada polo/a solicitante.

-Certificación ou copia compulsada que acredite os datos da entidade bancaria, titular da conta e número de conta do/a beneficiario/a só no caso de seren os solicitantes persoas físicas.

-Copia compulsada da correspondente licenza municipal da actividade.

-Declaración de axudas e subvencións solicitadas ou percibidas de outras entidades para o mesmo proxecto, indicando o importe e data, no seu caso.

-Declaración de se foi beneficiario do Plan de Calidade en anteriores edicións e o importe da axuda concedida polo Concello.

Non se valorarán aquelas solicitudes que non cumpran algún dos requisitos esenciais contidos no presente apartado, dictándose resolución para o arquivo do expediente, sen máis trámite.

2.- A presentación da solicitude implica a aceptación das bases e obrigacións establecidas na presente convocatoria.

3.- A Concellería de Turismo resérvase o dereito de esixir toda canta documentación estime necesaria en cada actuación concreta para a valoración do proxecto.

4.-O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 1 de setembro de 2004. As solicitudes poderán ser presentadas dende o día seguinte á data de publicación do anuncio da convocatoria na prensa local e no taboleiro de anuncios do Concello.

OITAVA: DOCUMENTACIÓN

- No caso de que a información presentada non reunise os requisitos esixidos o/a interesado/a será requerido para que no prazo de 10 días hábiles dende a recepción da notificación corrixa, subsane ou incorpore aqueles documentos que sexan necesarios para a concesión da subvención. De non ser así, desestimarse a súa petición, que se arquivará sen máis trámite.

NOVENA: RESOLUCIÓN

- A probación das subvencións, en función das solicitudes presentadas, será competencia da Xunta de Goberno Local, previa elevación de proposta por parte da correspondente Comisión de Avaliación de solicitudes. Esta resolución adoptárase en función dos informes técnicos da Concellería de Turismo.
- O prazo para resolver por parte da administración local será antes do día 1 decembro de 2005.
- Transcurrido o devandito prazo sen que teña recaído resolución expresa, entenderase como desestimada a petición.

DÉCIMA: FINANCIAMENTO

- A porcentaxe de financiamento de cada actuación obxecto de subvención decidírase en proporción da baremación total obtida, segundo o apartado sexto desta convocatoria. En todo caso, a aportación municipal no poderá superar a contía de 3.005,06€ por proxecto.

DECIMO PRIMEIRA.- DESTINO DA SUBVENCIÓN

- 1.- A Concellería de Turismo, polos medios que estime oportunos, efectuará o control do cumprimento do obxecto da subvención. Esixirá a súa correcta aplicación cando non se cumpran os obxectivos para os que foron concedidas as subvencións.
- 2.- No caso de incumprimento das condicións das subvencións e das obrigas dos beneficiarios, tramitarase o correspondente expediente de reintegro, segundo o previsto no artigo 181 do TRRL e concordantes.

DECIMO SEGUNDA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

- 1.- Para facer efectivo o importe da subvención terase que ter rematada a actividade ou investimento. O pagamento da subvención realizarase por transferencia bancaria unha vez realizados os requisitos da presente base.
- 2.- Unha vez realizado o proxecto/actividade e comunicada a concesión da subvención por parte da Concellería de Turismo, o beneficiario terá un prazo máximo de 10 días, contados a partir da comunicación do acordo, para presentar no Rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación, dirixida á Concellería de Turismo:
 - a) Solicitude de liquidación final das actividades desenvolvidas.
 - b) Facturas e recibos orixinais polo importe definitivo subvencionado engadindo fotocopia do resto das facturas e recibos pola diferenza ata a totalidade do gasto definitivo da actividade. As facturas deberán corresponderse cos conceptos presentados no presuposto. Non se poderán facturar conceptos distintos dos presupostados.
 - c) Non se admitirán facturas duplicadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas polo RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - d) A efectos do pago da subvención polo Concello, considerarase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado por calquera documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nesta convocatoria e que respondan á natureza da actividade subvencionada.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

- 1.-En toda a publicidade que se realice das actividades dos establecementos figurará en lugar destacado o lema: Turismo de Vigo. Programa de Subvencións para a promoción de actividades turísticas 2005.
- 2.-En todo caso, os establecementos deberán someter a conformidade da Concellería de Turismo calquera iniciativa publicitaria, xa que incide directamente na imaxe da cidade.

3.-No caso de que a subvención teña como destino a organización de actividades de dinamización, os organizadores deberán entregar o programa das actividades á Concellería de Turismo para a súa conformidade, cando menos, con 30 días de antelación ó comezo da actividade.

4.-No caso de que o obxecto da subvención sexa a realización de obras maiores, deberá acompañarse o proxecto e memoria descriptiva correspondente, así como a licencia para a execución das mesmas.

DÉCIMO CUARTA.-OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

1.-Acredita-lo cumprimento dos requisitos establecidos na presente convocatoria.

2.-Realiza-la actividade ou investimento e cumprir o obxecto da subvención.

3.-Asumi-las responsabilidades que se deriven da realización destas actividades.

4.-Dispor dos permisos e autorizacións preceptivos para o desenvolvemento das actividades.

5.-Aboa-las taxas e impostos, dereitos e gastos derivados das actividades para as que se solicita a subvención.

6.-Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude.

7.-Comunicar calquera variación na programación ou no proxecto presentado orixinalmente.

8.-Someterse ó control e fiscalización das actividades/investimentos que realizará o Concello de Vigo.

9.-Comunicar á Concellería calquera subvención obtida para o mesmo fin por outras administracións ou entes públicos.

DÉCIMO QUINTA.- CARACTERÍSTICAS

As subvencións axustaranse ás seguintes características:

1- Non terán carácter contractual.

2- Non serán invocables como precedente.

3- Non será esixible revisión, aumento ou renovación da subvención.

4- O prazo da presentación da solicitude será anunciada na prensa local.

5- As bases da convocatoria estarán a disposición dos interesados/as no Rexistro Xeral do Concello, a partir da publicación do correspondente anuncio na prensa local.

38(358).-RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA PRAZA DA U.A. AXENCIA (MONTERO RÍOS, PABLO MORILLO, ESQUINA LUIS TABOADA). EXPTE. 4590/401.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral da Xerencia de Urbanismo, do 7.04.05, que di o seguinte:

Á vista do expediente referenciado, resultan relevantes para a súa resolución os seguintes

FEITOS:

1) O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 29 de outubro de 2001, acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da U.A. AXENCIA, entre as rúas Luis Taboada e Pablo Morillo. No terceiro fundamento de dereito da parte expositiva do citado acordo indicábase que "con carácter previo ó outorgamento da licenza de obras deberá constituírse un dereito real de uso público a favor do Concello sobre a superficie de 220 m2 onde se situará a praza pública prevista no Plan Especial de referencia, dereito que se inscribirá no Rexistro da Propiedade. No mesmo determinarase expresamente a obriga de conservación do pavimento, placa de formigón e elementos baixo rasante da praza pública por parte dos propietarios da parcela (e en consecucia, das futuras edificacións).

2) O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 1 de marzo de 2.002 acordou outorgar licenza de edificación no expediente 40211/421.

3) Con rexistro de entrada de data de 30 de novembro de 2004 e número de rexistro 40121575 ÁLVAREZ ARGÜELLES, S.L., solicita a recepción das obras de urbanización.

4) Consta no expediente fotocopia da escritura pública outorgada ante o notario don JOSÉ-MARÍA RUEDA PÉREZ, en data de 17/10/2001, con número de protocolo 1990, de cesión de dereito de uso público de superficie da praza arriba citada na que se constitúe a obriga de conservación do pavimento, placa de hormigón e elementos baixo rasante da referida praza pública a cumprir polos propietarios da parcela. Asemade consta escrito de data de 11 de marzo suscrito por dona dona CLAUDIA-ALICIA ÁLBAREZ DE BASANTA, como administradora única da mercantil solicitante, na que manifesta que a devandita obriga correrá a cargo da Comunidade de Propietarios do edificio, o que será incluído no seu Regulamento

5) Polo coordinador da área de servizos xerais remítese o expediente a esta oficina acompañado dos informes favorables de:

Montes, parques e xardíns de 17/5/05,
Vías e obras de 21/2/05,
Electromecánicos 23/3/05 e

co obxecto de propoñer a aprobación do proxecto de execución do expediente de referencia.

9) Polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo infórmase con data de 1 de abril de 2.005 que:

"Con data 29 de outubro de 2.001, o Pleno do Concello aprobou definitivamente o Estudio de Detalle que desenvolve a Unidade de Actuación "Agencia"(Exp. 6203/411).

Con data 1 de marzo de 2002, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo outorgou licenza de edificación (Exp. 40211/421), que materializa as determinacións do E.D. mencionado, dentro da cal se detallaban as características das obras de urbanización da zona de cesión do uso de superficie a que había lugar.

Con data 30 de novembro de 2004, solicítase a recepción das citadas obras.

Obran no expediente, os informes sectoriais favorables, e o compromiso escriturado do mantemento desta zona de cesión.

As obras axústanse ás determinacións do planeamento vixente, procedendo por tanto a recepción solicitada nas condicións que lle son de aplicación, salvo superior criterio"

Ós anteriores feitos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I. De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo Concello das obras de

urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

II. O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC). En aplicación do disposto nas normas citadas e consonte ós informes favorables obrantes no expediente e antes citados procede a recepción das obras realizadas, por canto se trata dun acto regrado que a Administración non pode evitar se se lle ofrecen as obras nas debidas condicións.

III. Rexerán, asemade, os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e os demais preceptos que resulten de aplicación. Asemade no apartado 3.2.3.4.g) das Normas Urbanísticas do PXOU de 1993 establécese igual período de garantía cunha duración mínima dun ano, contado a partires da recepción. A devolución da garantía non procede ata a finalización deste período de garantía e, sempre e cando medie informe técnico favorable sobre o estado das obras.

IV. O deber de conservación das zonas verdes e espazos libres desta urbanización resulta da aplicación dos artigos 25, 67 e 68 do Regulamento de Xestión, aprobado por Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, por canto a obriga resulta do apartado 3.2.3.5.b) das Normas Urbanísticas do PXOU de 1993, agás para as zonas verdes e libres que teñan a consideración de sistemas xerais. Deber que se recolle na escritura pública antes citada.

V. É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a recepción das obras de urbanización da praza da U.A. "AGENCIA".

Segundo: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente.

Terceiro: Darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licencia de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, AQUALIA.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

39(359).-ACEPTACIÓN DE CESIÓN GRATUÍTA DE Dª OLGA NOVOA ABALDE PARA ENSANCHE E MELLORA DO CAMIÑO DE MAQUÍAS-GÁNDARA, EN VALADARES. EXP.TES. 41427/250.

Examinadas as actuacións do expediente e dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 29.03.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- Con data do 28 de maio de 2004, Dona. Olga Novoa Abalde, solicitou desta Administración municipal se lle recoñezan ós efectos urbanísticos do terreo da súa propiedade sito no Cño. Maquias-Valadares, cedido para o ensanche e mellora do vial no Camiño de Maquias.

A dita parcela pertécelle por herencia a Dona Olga Novoa Abalde. Aporta testamento aberto outorgado por Dona Aurora Abalde Quintela e autorizado pola notario da Coruña, Dona Palmira Delgado Martin o 1 de xullo de 1997.

2º.- Os terreos que se ceden forman parte dunha parcela incluída no ámbito do Plan Parcial 4, (Solo Urbanizable Programado), dentro do núcleo 18 09 Garrida 2 Dd, sen desenvolver neste momento.

3º.- Os técnicos municipais do departamento de Cartografía da Xerencia municipal de Urbanismo, procederon a face-la medición dos metros de terreo cedidos a esta Administración municipal por Dona Olga Novoa Abalde, informando, coa data 10 de marzo de 2005, o seguinte:

- superficie de cesión de terreo = 190.00 m²

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

As normas urbanísticas do vixente PXOU de Vigo establecen, no apartado 3.2.2., que nas cesións obrigatorias dos terrenos afectados pola aliñación da rúa á que a parcela dea fronte --supostos de solicitude de obra nova e de rehabilitación integral-- recoñecerase ó propietario a edificabilidade e densidade correspondente á parcela inicial, e que, así mesmo, esta considerárase a efectos de parcela mínima.

Xa que logo, procede considerar que a cesión anticipada dos referidos 190,00 m² de superficie de terreo debe xerar a favor do propietario cedente os mesmos dereitos que os que provoca a cesión determinada pola concesión dunha licenza de obra nova ou rehabilitación integral.

Polo exposto, e de acordo co artigo 127.d) da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Acepta-la cesión gratuita ó Concello de Vigo, por parte de Dona Olga Novoa Abalde da porción de parcela de 190.00 m² de superficie, que se identifica no expediente, segregada de feito da finca da súa propiedade, con destino ó ensanche e mellora do vial: Camiño de Maquias.

Segundo.- Esta cesión deberá elevarse a escritura pública ou documento administrativo auténtico e inscribirse no Rexistro da Propiedade. Enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licenza resulten legalmente procedentes de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.

Terceiro.- Ter por recoñecido ó cedente na parcela matriz, efectuada que sexa a cesión no correspondente documento público, a superficie e edificabilidade correspondente á superficie cedida.

Cuarto.- Notifíquese este acordo á interesada, coa advertencia de que contra este acordo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquesele

tamén á oficina de Patrimonio do Concello, para que formalice a cesión e a inscriba no Rexistro da Propiedade e no Inventario de Bens municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(360).-ACEPTACIÓN DE CESIÓN GRATUÍTA DE D^a MARGARIDA NOVOA ABALDE PARA ENSANCHE E MELLORA DO CAMIÑO DE MAQUÍAS-GÁNDARA, EN VALADARES. EXP.TES. 41426/250.

Examinadas as actuacións do expediente e dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 29.03.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- Con data do 28 de maio de 2004, Dona. Olga Novoa Abalde, solicitou desta Administración municipal se lle recoñezan ós efectos urbanísticos do terreo da súa propiedade sito no Cño. Maquias-Valadares, cedido para o ensanche e mellora do vial no Camiño de Maquias.

A dita parcela perténcelle por herencia a Dona Olga Novoa Abalde. Aporta testamento aberto outorgado por Dona Aurora Abalde Quintela e autorizado pola notario da Coruña, Dona Palmira Delgado Martin o 1 de xullo de 1997.

2º.- Os terreos que se ceden forman parte dunha parcela incluída no ámbito do Plan Parcial 4, (Solo Urbanizable Programado), dentro do núcleo 18 09 Garrida 2 Dd, sen desenvolver neste momento.

3º.- Os técnicos municipais do departamento de Cartografía da Xerencia municipal de Urbanismo, procederon a face-la medición dos metros de terreo cedidos a esta Administración municipal por Dona Olga Novoa Abalde, informando, coa data 10 de marzo de 2005, o seguinte:

- *superficie de cesión de terreo = 190.00 m²*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

As normas urbanísticas do vixente PXOU de Vigo establecen, no apartado 3.2.2., que nas cesións obrigatorias dos terrenos afectados pola aliñación da rúa á que a parcela dea fronte --supostos de solicitude de obra nova e de rehabilitación integral-- recoñecerase ó propietario a edificabilidade e densidade correspondente á parcela inicial, e que, así mesmo, esta considerarase a efectos de parcela mínima.

Xa que logo, procede considerar que a cesión anticipada dos referidos 190,00 m² de superficie de terreo debe xerar a favor do propietario cedente os mesmos dereitos que os que provoca a cesión determinada pola concesión dunha licenza de obra nova ou rehabilitación integral.

Polo exposto, e de acordo co artigo 127.d) da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, Polo anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Acepta-la cesión gratuita ó Concello de Vigo, por parte de Dona Olga Novoa Abalde da porción de parcela de 190.00 m² de superficie, que se identifica no expediente, segregada de feito da finca da súa propiedade, con destino ó ensanche e mellora do vial: Camiño de Maquias.

Segundo.- Esta cesión deberá elevarse a escritura pública ou documento administrativo auténtico e inscribirse no Rexistro da Propiedade. Enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licencia resulten legalmente procedentes de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.

Terceiro.- Ter por recoñecido ó cedente na parcela matriz, efectuada que sexa a cesión no correspondente documento público, a superficie e edificabilidade correspondente á superficie cedida.

Cuarto.- Notifíquese este acordo á interesada, coa advertencia de que contra este acordo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquesele tamén á oficina de Patrimonio do Concello, para que formalice a cesión e a inscriba no Rexistro da Propiedade e no Inventario de Bens municipais.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

41(361).- SUBSTITUCIÓN DE AVAL POR OUTRO PROPORCIONAL Á PARTE DA URBANIZACIÓN PENDENTE DE EXECUCIÓN DA U.A. I DO PERI II-03 CASTRO CASTRIÑO. EXPTE. 3724/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da Técnica de Admon. Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 05.04.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

- 1º.- *O Concello-Pleno de Vigo, con data do 3 de novembro de 1994, aprobou definitivamente o proxecto de apertura e urbanización da U.A. I do PERI II-03 Castro-Castriño, cun orzamento total de 54.059.599 ptas.*
- 2º.- *Para garanti-la execución das obras derivadas do proxecto de urbanización, esta Administración municipal esixiu de D. JOSÉ MARCO MORELL a constitución dun aval por importe do 24'408% --porcentaxe que representa no total do ámbito a parcela propiedade desta entidade--, do orzamento total da urbanización antes dito que ascendía a 54.059.599 ptas.; aval que foi constituído pola referida entidade a medio de mandamento de constitución de depósitos núm. 8-95-4-00917, de data do 15 de marzo de 1995, por un total de 13.194.867 ptas.*
- 3º.- *As obras foron executadas na súa meirande parte e recibidas polo Concello por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data do 18 de decembro de 1998, restando por executa-las obras de urbanización correspondentes ó vial en fondo de saco e sendeiro peonal.*
- 4º.- *Con rexistro de entrada do 26 de xaneiro de 2005, don JOSÉ MARCO MORELL solicita a redución do aval en proporción á parte de urbanización pendente de execución, por canto as obras pendentes de realización non puideron aínda executarse ó negarse a propietaria da parcela de orixe --poseedora aínda, dos terreos nos que se emprazan as obras--, a permiti-lo acceso á parcela e a realización das ditas obras, estando a cuestión pendente de resolución xudicial ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recurso contencioso-administrativo contra esta Administración municipal e a Xunta de Compensación do polígono.*

5º.- Precisamente, en base a estes antecedentes e ós fundamentos de dereito que nel constan, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 8 de marzo de 2004, acordou acceder ó solicitado por “Promotora O Castro, S.L.”, e autorizar a substitución do aval constituído por PROMOCIONES O CASTRO S.L. por outro para responder das obras de urbanización que resta por executar na U.A. I do PERI II-03 CASTRO CASTRIÑO neste mesmo expediente.

6º.- O enxeñeiro técnico municipal, con data do 3 de febreiro de 2005, informa que as obras pendentes de executar están valoradas no proxecto de referencia en 10.448,60 euros. Asemade, con data do 4 de abril de 2005, informa que o solicitante ten depositado un aval por importe de 79.302,75 euros (13.194.867 ptas), para responder das obras de urbanización da U.A. I do PERI II- 03 Castro-Castriño, o que representa o 24,408% do total do proxecto de urbanización aprobado. O manifestado no seu escrito de referencia, é certo en todos os seus extremos, se ben a superficie de zona verde que non se pode facer de uso público polos problemas expostos con independencia da intervención que sobre esa zona está pendente, acada o 33%.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- Tendo por obxecto o aval constituído garanti-lo cumprimento da obriga de urbanización recainte sobre don JOSÉ MARCO MORELL; establecido o seu importe en función do custo das obras de urbanización aprobadas e da porcentaxe da parcela da súa propiedade; recibidas estas na súa meiramente parte, salvo as que restan por executar que importan no proxecto a cantidade de 10.448,60 euros, correspondéndolle en aplicación da súa porcentaxe de participación 2.550,29 euros e, por último, extingúndose, de acordo co artigo 1.847 do Código Civil, a obriga do fiador --garantiza-la obriga de urbaniza-las obras xa recibidas--, ó mesmo tempo que a do deudor, de acordo co principio de proporcionalidade e toda vez que a falta de remate das obras non é imputable ó obrigado, procede acceder ó solicitado.

II.- É competente para adopta-lo acordo que de seguido se propón á Xunta do Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1.d) da LRBRL.

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo

Primeiro.- Acceder ó solicitado por don JOSÉ MARCO MORELL no seu escrito do 30 de marzo de 2003 e, xa que logo, autoriza-la substitución do aval por importe de 79.302,75 euros (13.194.867 ptas), mandamento de ingreso depósitos núm. 8-95-4-00917, de data 15 de marzo de 1995, por un novo aval por importe de 2.550,29 euros, que lle corresponde en proporción á súa parcela sobre o custe no que se estima no proxecto de urbanización a execución das obras que restan por executar na U.A. I do PERI II-03 Castro-Castriño.

Segundo.- Notifíquese, en legal forma, o presente acordo ó interesado no expediente.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

42(362).-RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DE 29.11.04 SOBRE RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA U.A. II DO PERI II-03 CASTRO-CASTRIÑO. EXPTE. 23025/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dase conta do informe proposta da Técnica de Admon. Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 01.04.05, que di o seguinte:

FEITOS:

- 1) *Baixo o número de expediente 23025/250, tramitouse o expediente de recepción das obras de urbanización da U.A. II do PERI II-03 CASTRO CASTRIÑO, no que por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria de 29 de novembro de 2.004, se acordaba: "Primeiro: Aprobar a recepción das obras de urbanización da UA-II do PERI II-03 Castro Castriño (expte.23025/250)./Segundo: A cancelación dos avais constituídos con motivo destas obras de urbanización, requirirá do transcurso previo do prazo de garantía dun ano dende a data de emisión deste acordo./ Terceiro: Requirir aos propietarios desa unidade de actuación, a fin de que no prazo máximo de tres meses se constituán en entidade urbanística de conservación./(...)".*
- 2) *Con selo de data de Certificados de Correos de 21 de xaneiro de 2.005 e rexistro de entrada número 50006437 de 24 de xaneiro de 2.005, dona María-Fátima Casas Pérez, en representación da Comunidade de propietarios da rúa Tomás A. Alonso número 187, achega recurso de reposición contra o apartado segundo do acordo citado no expositivo anterior porque non lle consta o establecemento das obrigas de conservación nin da constitución da entidade de conservación polo plan de ordenación, porque non está inscrita no Rexistro de Propiedade e porque lle parece máis adecuado o existir restos arqueolóxicos.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- I. *En canto á competencia, segundo o artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, correspóndelle á Xunta de Goberno Local.*
- II. *En canto á tramitación do recurso de reposición, resultan de aplicación ademais os artigos 107 a 113 e 117 da mesma Lei.*
- III. *En canto á obriga de resolver e resolución extemporánea, resultan de aplicación os artigos 42, 43 e 84 do mesmo corpo legal.*
- IV. *En canto aos motivos do recurso achegado, cabe sinalar que como consta na fundamentación xurídica do acordo o deber de constituir a entidade de conservación das zonas verdes e espazos libres desta urbanización resulta da aplicación dos artigos 25, 67 e 68 do Regulamento de Xestión, aprobado por Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, por canto a obriga resulta do apartado 3.2.3.5.b) in fine das Normas Urbanísticas do PXOU de 1993 (páxina 28 BOP número 133, de 14 de xullo de 1.993), agás para as zonas verdes e libres que teñan a consideración de sistemas xerais.*

Por outra banda, en relación coa existencia de restos arqueolóxicos cabe advertir que o deber de conservación da zona verde non exime dos controles municipais previos precisos para realizar calquera actuación sobre a devandita zona que implique remoción de terras.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro: Desestimar o recurso de reposición interposto por dona María-Fátima Casas Pérez en representación da Comunidade de Propietarios da rúa Tomás A. Alonso número 187 contra o acordo da Xunta de Goberno local de 29 de novembro de 2.004 sobre a recepción das obras de urbanización da U.A. II do PERI II-03 Castro Castriño. (Expediente 23025/250).

Segundo: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

43(363).-DEVOLUCIÓN DA FIANZA POR IMPORTE DE 18.000 € A FAVOR DE SÁNCHEZ ALVAREZ S.L. CONSTITUÍDA POR POSIBLES DANOS NO PERCORRIDO DE CAMIÓNS POLA RÚA PALMA. EXPTE. 44376/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 4.04.05, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 18.000 €, constituída para responder dos posibles danos no percorrido de camiós ata a rúa Palma nº 1, a favor de SÁNCHEZ ALVAREZ, S.L.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

44(364).-PROPOSTA SOBRE MODIFICACIÓN DE LIÑA DE EDIFICACIÓN NO SEGUNDO CINTURÓN.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta emitido polo director dos Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo, do 22.03.05, conformado polo xerente, que di o seguinte:

Con data 17 de agosto de 2004 ten entrada no Rexistro Municipal de Urbanismo (nº rexistro 40085676) o informe preceptivo do Ministerio de Fomento previo á aprobación inicial prevista no art. 10.2 da vixente Lei de carreteras, que, tal como se expoñe no seu apartado 0. Antecedentes, ten carácter vinculante.

Nel, tras unha longa exposición na que se detalla o tratamento que desenvolve o PXOM en tramitación e repasa as incidencias do planeamento proposto sobre a R.C.E, concretamente no apartado 6.4.4.-VG-20, fai unha serie de consideracións destacando as actuacións que o PXOM prevé sobre o Parque Tecnolóxico e Loxístico (S-58-I) e o Polígono Industrial de Matamá-Valadares (S-44-I), o que parece indicar que en tales casos debe terse en conta o seu especial tratamento.

No informe que analizamos e no seu apartado 6.2 Del solo Rústico de Protección de Infraestructuras, faise unha ampla análise do capítulo 12.7 do Plan para chegar á conclusión de que debe grafitarse “unha liña de protección de infraestructuras” e “se suxire que como mínimo tal abarque ata a liña límite de edificación” e a tal efecto, cita repetidamente o artigo 25 da Lei de Carreteras e o 84 do Regulamento. É, pois, neste extremo onde estimamos que se debe facer unha interpretación máis en consonancia coa realidade existente e planificada no documento polas seguintes consideracións:

Para unha mellor comprensión da conclusión que propondremos como consecuencia do presente informe, comezaremos facendo referencia ó “Convenio entre o Ministerio de Obras Públicas o Transportes e o Concello de Vigo para a realización de actuacións na cidade” de maio de 1992.

No Diagnóstico da Situación establécese en concreto nos seus apartados 2.- Necesidade dunha nova política de actuación: “... En el caso de Vigo, el desarrollo económico de la ciudad no se ha visto acompañado de un esfuerzo suficiente en la creación de infraestructuras de transporte, que sólo recientemente han comenzado a modernizarse: Autopista del Atlántico, modernización del Aeropuerto y de la Estación del Ferrocarril, Estación de Autobuses, Puerto, red de accesos, transporte público urbano e interurbano... La necesaria integración de Vigo dentro de esta red de ciudades debe aprovechar las especiales oportunidades que ofrece su emplazamiento. La Europa del Acta Única permite considerar Galicia y el Norte de Portugal como una Región económica común: entre 1986 y 1991, 800 empresas cuya sede social es Vigo, trasladan o crean nuevas unidades productivas en el Norte de Portugal. Por otra parte, la ciudad de Vigo encabeza dos proyectos estratégicos: el Eje Atlántico de Ciudades y la Mancomunidad del Área Intermunicipal de Vigo. Ambas opciones tienen como objetivo común crear en torno a Vigo y su Área Metropolitana, una nueva Centralidad Europea de la Región Económica que se extiende desde El Ferrol hasta Oporto. Se trata de conseguir una masa crítica que permita procesos de crecimiento económico sostenidos para desarrollar políticas de bienestar y calidad de vida, aprovechando al mismo tiempo las ventajas competitivas como la situación geográfica y la calidad de la sociedad civil, que colocan a Vigo como punto de referencia central de esa nueva realidad macroeconómica transfronteriza.” e 3.- A importancia da concertación: “El desarrollo de las potencialidades de Vigo precisa un esfuerzo inversor de las distintas Administraciones. La variedad de agentes, competencias e intereses que intervienen en la ciudad obliga a coordinar la actuación de las Administraciones implicadas, mediante la concertación para llevar a cabo actuaciones estratégicas.

Tanto el Ayuntamiento de Vigo como el M.O.P.T. han apostado por la concertación y la colaboración institucional como marco de la actuación pública. Es en este marco de referencia en el que se inserta la necesidad de un acuerdo entre el Estado y la Ciudad para el desarrollo de un Plan Intermodal que, tensionando los recursos públicos, permita consolidar el Área Metropolitana y fortalezca las relaciones de un sistema integrado de ciudades equiparables a la media europea. En este sentido, el Plan Intermodal puede ser un instrumento clave dentro de los necesarios programas Inter-regionales Transfronterizos que la Comunidad Económica Europea viene desarrollando.

Los objetivos de este Plan Intermodal son potenciar el uso del transporte colectivo y modular la utilización del vehículo privado en las áreas más congestionadas, definiendo las actuaciones oportunas en infraestructuras viarias, transporte colectivo e infraestructuras intermodales, asegurando su integración en el entorno urbano y programando las correspondientes actuaciones: accesos a la ciudad, puerto y aeropuerto, costas, etc.

El Plan Intermodal trata de resolver y despejar las incógnitas de un futuro basado en un desarrollo económico respetuoso con el medio natural y que quiere mejorar la calidad de vida de los ciudadanos de un modo sensible. Se trata así mismo de hacer una apuesta por el Planeamiento y de poner en pie mecanismos de colaboración institucional que permitan resolverlo sobre la base del diálogo y el consenso basado en el protagonismo de la ciudad y los ciudadanos.

Este Convenio constituye un primer paso, que se pretende continuar mediante un Convenio complementario entre el Ayuntamiento de Vigo y la Xunta de Galicia que contemple la concertación en materia de carreteras de la Red Autonómica.”

Así mesmo, na parte expositiva do Convenio dise: “Esta situación obliga a realizar un intenso esfuerzo de coordinación y concertación entre la Administración estatal y la Municipal, para lograr que la definición y ejecución de sus políticas de infraestructuras y urbanas permitan afrontar de forma eficaz la modernización del Área Metropolitana de Vigo.” e no acordo cuarto “in fine” se manifesta: “Para la ejecución del 2º cinturón, las Administraciones Central y Municipal coordinarán sus esfuerzos de financiación y gestión con el fin de conseguir en el menor plazo posible la disponibilidad de los terrenos para la construcción de las obras por

parte del M.O.P.T. A tales efectos, ambas partes declaran su voluntad de constituir el instrumento de gestión más adecuado para conseguir la efectiva disponibilidad de los terrenos en asociación.”. O acordo cinco expresa: “Segundo cinturón de circunvalación de Vigo. El M.O.P.T. propondrá su inclusión en el Plan Director de Infraestructuras de Transporte dentro del primer cuatrienio, comprometiéndose el Ayuntamiento de Vigo a facilitar el suelo necesario para su ejecución dentro del primer año de dicho cuatrienio.”

Toda esta exposición faise patente a pesares da evolución posterior das actuacións que en algún caso deixou obsoletos, en parte, os postulados do Convenio, para deixar nitidamente claro o espírito de colaboración entre ambas administracións, posto que xa se tiña presente que sería preciso un entendemento entre eles en aras de posibilita-las actuacións, imposible de materializar en outro caso, e ha de dicirse que así foi ó longo do tempo transcorrido, salvando claro está, as irrenunciabes competencias de cada unha de elas.

A xuízo do informante e xa na situación actual cabe sinalar que, no caso que nos ocupa non estamos de feito no caso dunha circunvalación que se constrúa con obxecto de eliminar ningunha travesía de poboación, posto que a súa execución non deixa nin fóra de uso ningunha vía con esa cualificación, nin cambia a consideración de uso tampouco de calquera outra, que van a seguir existindo tal como se concibían e utilizaban antes da construción do 2º cinturón e despois da conclusión deste para o fin que se haxa de usar. O que si parece é que esta vía debe encadrarse no tratamento de redes arteriais a tenor do que define o artigo 37.1 da Lei de Carreteras e por ello debemos unificar criterios a fin de poñer en valor o artigo 38.1 de dita lei.

Iso levaríanos a considerar aplicable ó presente caso o disposto no artigo 25.3, esto é: “Asimismo, el Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo, previo informe de las Comunidades Autónomas y Entidades Locales afectadas, podrá por razones geográficas o socioeconómicas, fijar una línea límite de edificación inferior a la establecida con carácter general, aplicable a determinadas carreteras estatales en zonas o comarcas perfectamente delimitadas.”

E iso é así, no meu criterio porque, moi razoablemente, o Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente (hoxe Fomento no que nos atañe) xa o recoñeceu a petición deste Concello, na resolución do Sr. Secretario de Estado de Política Territorial e Obras Públicas dese ministerio de data 30/04/96 e, precisamente, en base ó repetidamente citado artigo 25 da Lei 25/1988 de 26 de xullo.

A xuízo desta Dirección de Servizos Técnicos nada impide que a consideración a estes efectos sexa a mesma á hora de establecer a liña límite de edificación a 25 metros a partir da aresta exterior da rúa. Pero é que aínda hai máis, esta liña, tamén a petición deste Concello foi establecida a 15 metros no caso da nova estrada de penetración en Vigo, Tramo Avda. de Madrid-Avda. de Castrelos e Castrelos-Bouzas, ó abeiro do xa citado artigo 25 da Lei de Carreteras e concordantes co Regulamento.

Así pois, a tenor do que antecede, elévase á consideración da Xunta de Goberno local a seguinte Proposta:

Solicitar o establecemento da liña límite de edificación a que fai referencia o artigo 25 da Lei 25/1988 de Carreteras e o seu Regulamento, á distancia de 25,00 metros, medidos tal como se detaia nos preceptos legais citados, por estimar que estamos nas condicións do apartado 3 de dito artigo 25 da Lei, toda vez que se dan as mesmas circunstancias que na Autovía Vigo-Tui e que nos tramos da estrada de penetración e acceso ó Porto de Vigo entre a Avda. de Madrid e Bouzas, tendo en conta fundamentalmente as previsións no PXOM, referentes ás actuacións S-58-I (Parque Tecnolóxico e Loxístico) e S-44-I (P.I. de Matamá-Valadares).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

45(365).- ASISTENCIA DA CONCELLERÍA DE TURISMO DO CONCELLO DE VIGO A RUTA POR ESPAÑA E PORTUGAL, O SITC DE BARCELONA, FENAVI (FEIRA NÁUTICA DE VIGO) E SALÓN DO AUTOMÓBIL DE VIGO. EXPTE. 1621/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 7.04.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a asistencia da Concellería de Turismo a

- a) Ruta por España e Portugal
- b) SITC de Barcelona, do 26 ó 29 de maio
- c) FENAVI (Feira Náutica de Vigo), do 2 ó 5 de xuño en Vigo
- d) Salón do automóbil de Vigo, do 23 de abril ó 1 de maio

2º.- Autorizar a seguinte relación de gastos con cargo ó presuposto do ano 2005, que se derivan da participación de Vigo nos catro eventos:

o Total reunións e conferencias, con cargo á partida 7510 22 60 600 (reunions e conferencias) do presuposto prorrogado para o ano 2005
--

33.800 euros

3º.- Que os gastos de locomoción e dietas devengados da participación nos devanditos eventos, non quedarán suxeitos ó previsto no Real Decreto 236/88 e que serán sufragados na súa totalidade con cargo ós presupostos municipais, previa acreditación dos mesmos.

4º.- Que en consecuencia, se libre a xustificar a nome de Dna. Yolanda Aguiar Castro, con DNI nº 36076445-W a cantidade de 33.800 euros, que deberán ser ingresados na conta habilitada do Departamento de Turismo nº 2080 0000780040246105”

46(366).- BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS DURANTE O VERÁN 2005. EXPTE. 1612/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a conformidade do titular da Asesoría Xurídica e da interventora xeral, e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio do 28.02.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria de doce bolsas de formación para a realización de practicas nas oficinas e servizos turísticos da Concellería, que se desenvolverán dende o día 15 de xuño ao 15 de outubro do ano 2005 (con dúas sesión previas de traballo preparatorio).

2º.- Aprobar o gasto de 36.000 € para a dotación económica das bolsas de formación, con cargo á partida orzamentaria 7510.4810000, do presuposto actualmente en vigor para o ano 2005.

3º.- Aprobar o gasto de 600 € para facer fronte ás pólizas de seguro de accidentes que se subscribirán para cada unha das bolsas, con cargo á partida 7510.2240000.

BASES PARA A CONVOCATORIA DE BECAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVICIOS TURÍSTICOS.

O desenvolvemento do sector turístico e o necesario incremento dos niveis de calidade dos servizos que se prestan ó turista, recomandan aumentar o grado de especialización dos profesionais da actividade turística, proporcionándolles a posibilidade de mellorar o seu nivel de formación e coñecemento do sector, mediante a convocatoria de becas de prácticas profesionais de especialización.

O Concello de Vigo está a adoptar unha serie de medidas para acadar os fins sinalados. Entre estas medidas está a de favorecer o acceso a prácticas de información turística ós/ás Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística e Diplomados/as en Empresas e Actividades Turísticas.

Precisamente co obxectivo de potenciar a formación do sector e a mellora da calidade dos servizos turísticos, obxectivo éste de interese público, a administración, consonte ó establecido no artigo 74 da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, e ó abeiro dos principios de incentivación de encadran na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, realiza a convocatoria de axudas públicas con estes fins de carácter social e económico.

Por todo o antedito, e en virtude das competencias atribuídas ós municipios no artigo 28 de Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e concretamente, en relación ó turismo e o comercio, no artigo 25.2.m), e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, e consonte o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, mediante o que se regula o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concurrencia competitiva, a Concellería de Turismo realiza unha convocatoria de bolsas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos, coas seguintes

BASES DA CONVOCATORIA DE BECAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVICIOS TURÍSTICOS DURANTE O PERIODO ESTIVAL (ANEXO I)

PRIMEIRA: Modalidade

Becas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos municipais durante o periodo estival.

SEGUNDA: Número

O número de bolsas que se convocan para a realización de prácticas nas oficinas de información turística e outros servizos turísticos será de 12 becas.

TERCEIRA: Requisitos dos bolseiros/as

Ademais dos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, para poder optar ás bolsas, os interesados/as deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:

1. Poderán optar ás bolsas de prácticas nas oficinas e servizos de información e promoción turística os/as Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística, así como os Diplomados/as en Empresas e Actividades Turísticas. A titulación deberá ser, cando menos, obtida no ano 2000 ou con posterioridade á este data. Só poderán concurrir a esta convocatoria os/as solicitantes que reúnan estas condicións e sempre que nacesen con posterioridade ó 31 de decembro de 1977.
2. A concesión das bolsas de estudos é incompatible con outras axudas simultáneas que conceda o Concello de similar contido e alcance.

Para a acreditación destes requisitos e dos méritos que aleguen os candidatos/as, deberán cumprir o especificado na base novena desta convocatoria.

CUARTA: Duración.

Dado que estas becas se convocan para a atención das oficinas de información turística e outros servizos que a Concellería de Turismo porá en marcha para o período estival, a duración das bolsas será de catro meses. A prestación da beca comezará o día 15 de xuño e rematará o 15 de outubro, se ben os/as adxudicatarios/as deberán asistir a dúas sesións preparatorias de traballo con antelación á data de comezo da beca.

QUINTA: Dotación das bolsas e aboamento.

A dotación das bolsas será de 3.000€ brutos por cada unha delas e polos catro meses de realización das prácticas. O Concello de Vigo suscribirá, ademais, un seguro individual de accidentes por cada unha das bolsas. O aboamento das axudas realizarase no momento da finalización do período de prácticas e unha vez cumprimentados todos os trámites legais esixidos polos distintos departamentos municipais, toda vez que o bolseiro teña realizado a memoria das prácticas esixida nestas bases como requisito inexcusable e o Departamento de Turismo remita á Intervención Xeral o preceptivo informe sobre a asistencia ás prácticas e o aproveitamento dos adxudicatarios/as.

O importe da axuda será obxecto das correspondentes retencións do rendemento ó traballo, estipuladas legalmente.

SEXTA: Natureza xurídica da relación.

A condición de bolseiro/a en virtude da convocatoria non xerará ningún tipo de relación de carácter laboral ou contractual co Concello de Vigo. Os titulares da beca serán única e exclusivamente beneficiarios dunha subvención para a obtención da debida formación profesional, sen que exista relación de servizos profesionais co Concello de Vigo e sen que implique a devandita axuda económica unha contraprestación dos traballos que eventualmente se realicen. É dicir, trátase dunha disposición gratuita de fondos públicos, en forma de axuda

económica, para fomentar unha actividade de utilidade pública como é a mellora da formación dun sector de marcada importancia na economía local.

A concesión da beca tampouco dará lugar á inclusión dos bolseiros/as no Réxime Xeral da Seguridade Social.

SÉTIMA: Contido dos traballos a desenvolver.

- a) Promoción e apoio á comercialización de produtos turísticos da Concellería.
- b) Información ó turista sobre os recursos turísticos da cidade: monumentos, actividades de recreo e ocio, museos, praias, hoteis, transportes, rutas turísticas, gastronomía, espectáculos, feiras, festas, etc., así como calquera outras información que pola súa natureza ofrezca atractivo para o visitante.
- c) Facilitar información e atención ó turista para o período estival: oficinas de información, bus turístico, puntos vermellos, atención a cruceiristas, etc.
- d) Elaboración de estadísticas das oficinas de información e servizos turísticos, reflectindo perfil de visitante, medio de transporte, motivación da viaxe, tipo de aloxament elixido, etc.
- e) Actualización do inventario de recursos turísticos.
- f) Apoio á realización de estudos e informes de produtos e mercados turísticos emisores.

Os/as beneficiarios/as das bolsas comprométense á realización das devanditas tarefas con plena disponibilidad, de acordo coas indicacións e horarios que lles sinala a Coordinadora de Turismo e Comercio, cun límite de trinta e sete horas e media semanais. Todos os horarios estarán suxeitos a cambios se as circunstancias o esixen, sen pasar nunca do límite mencionado.

Turismo de Vigo adxudicará os destinos, reservándose a facultade de adscribir ós becarios durante o período de disfrute da beca a unha oficina ou servizo diferente do primeiro ó que inicialmente se lle adscribira, se as circunstancias así o aconsellan.

O labor do/a bolseiro/a será incompatible con calquera outra actividade non recollida no seu plan de traballo.

Os/as adxudicatarios/as das bolsas comprométense, asimismo, a entregar unha memoria dos traballos realizados ó finalizar o período da bolsa, así como os datos estadísticos recollidos diariamente durante o desenvolvemento do seu traballo.

Os traballos que os/as bolseiros/as puideran realizar durante o disfrute da bolsa de prácticas, así como a memoria final serán propiedade do Concello de Vigo, que se reserva o dereito da súa publicación e utilización.

Os titulares das bolsas que resulten adxudicatarios/as, asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento da beca en cuestión.

Ós/ás bolseiros/as que o soliciten entregaráselles un certificado conforme realizaron as prácticas de referencia.

OITAVA: Solicitude e prazo.

As solicitudes serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello, dentro dos dez días hábiles seguintes á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Poderán remitirse, asemade, ó Rexistro Xeral, no prazo antes mencionado, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A solicitude da bolsa implica o coñecemento e aceptación de todos os termos contidos nestas bases de convocatoria.

NOVENA: Acreditación de requisitos e méritos.

Os/as interesados deberán presentar as súas solicitudes no prazo fixado na convocatoria, acompañada da seguinte documentación, por orde:

- a) Impreso de solicitude
- b) Fotocopia cotexada, por ámbalas dúas caras, do DNI
- c) Currículo vitae e fotografía.
- d) Declaración xurada das axudas de bolsas solicitadas ou concedidas polas administracións pública para o mesmo período.
- e) Fotocopia compulsada do título ou do recibo do depósito do título.
- f) Certificación académica completa ou fotocopia cotexada dela (na que se reflecta a nota global de cada curso).
- g) Certificación acreditativa de ter superada a proba de grao (reválida).
- h) Certificación ou fotocopia compulsada das notas en idiomas obtidas en cada curso realizado en centros nacionais ou estranxeiros recoñecidos, así como certificación do título correspondente no caso de que se teñan finalizado os devanditos estudos. No caso da acreditación de idiomas non se admitirá como documento acreditativo a autoliquidación de taxas para a expedición do correspondente título.
- i) Certificación ou fotocopia compulsada da realización de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en axencias de viaxes, hoteis, congresos, feiras, museos, institucións ou organismos vencellados ó turismo, ou calquera outra actividade relacionada co turismo ou a xestión de recursos turísticos. Se o certificado leva o número de horas especificado polo reverso, a fotocopia deberá estar correctamente cotexada polas dúas caras.
- j) Fotocopia compulsada de diplomas acreditativos de asistencia a cursos especializados en turismo, xestión de ocio e tempo libre, ou de contido similar, sempre vencellados á actividade turística.
- k) Fotocopia compulsada de cursos de informática, especificando o número de horas e contido dos cursos en cuestión. Non se valorarán os inferiores a 40 horas.

NOVENA: Criterios de avaliación.

Para a valoración dos méritos e titulacións alegadas, terase en conta o seguinte baremo:

1.- Valorarase a nota media obtida ó longo dos estudos de turismo, do seguinte modo:

Sobresaínte: 1 punto.
Notable: 0,5 puntos.

2.- Cursos de formación, ata un máximo de 3 puntos.

Por cada curso complementario vencellado ó turismo (monitor de ocio e tempo libre, xornadas técnicas de turismo, congresos de turismo, etc.) 0,5 puntos.

Non se valorarán os cursos inferiores a 20 horas. Non se valorarán os cursos que non acrediten expresamente o contido e o número de horas realizadas, aínda que sexan títulos oficiais expedidos por organismos públicos.

3.- Idiomas

3.a) Por cada curso superado na Escola Oficial de Idiomas, ata un máximo de 2,5 puntos por idioma : 0,50 puntos.

3. b) Os méritos que se conteñen no seguinte cadro, valoraranse tal e como se indica, ata un máximo de 2,5 puntos por idioma.

<u>IDIOMA</u>	<u>TITULACIÓN</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>
---------------	-------------------	-------------------

<u>GALEGO</u>	Curso de iniciación de galego ou título homologado	0.25	Non acumulable
	Curso de Perfeccionamiento de galego ou título homologado	0.5	
	Curso de Especialización da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	1	
	Estar a cursar unha licenciatura en Filoloxía distinta da Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa, ou unha titulación universitaria, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura galega (como por exemplo Maxisterio) tendo aprobadas dúas destas materias	0.5	
	Ter cursado unha licenciatura nunha Filoloxía distinta da Galega ou Galego-Portuguesa, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura galega, ou ter cursado a Diplomatura en Maxisterio, tendo cursado dúas materias de Lingua e/ou Literatura galegas	1	
	Ter superado o primeiro ciclo da licenciatura de Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa	1	

<u>INGLÉS</u>	First Certificate in English (FCE) University of Cambridge	0.5	Non acumulable
	Certificate in Advanced English (CAE) University of Cambridge	1	
	Certificate of Proficiency in English (CPE) University of Cambridge	1	

	Test of English as a Foreign Language (TOEFL) Certificate (550/213 pt)	1	
	Certificate of Competency in English (ECCE) Michigan University	0.5	
	Certificate of Proficiency in English (ECPE) Michigan University	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado inglés como Segunda lingua estranxeira.	0.5	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado inglés como Primeira lingua estranxeira.	1	
	Diplomatura en Maxisterio, especialidade Lingua estranxeira – inglés	0.5	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Inglesa	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Inglesa	1	

<u>FRANCÉS</u>	Diplôme d'Études en Langue Française (DELF) 1er degré	0.5	Non acumulable
	Diplôme d'Études en Langue Française (DELF) 2eme degré	1	
	Diplôme Approfondi de Langue Française (DALF)	1	
	Diplôme de Langue Française (DL) Alliance Française (AF)	0.5	
	Diplôme Supérieur d'Études Françaises Modernes (DS) Alliance Française (AF)	1	
	Diplôme de Hautes Etudes Françaises (DHEF) Alliance Française (AF)	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado francés como Segunda lingua estranxeira	0.5	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado francés como Primeira lingua estranxeira	1	
	Diplomatura en Maxisterio, especialidade Lingua estranxeira – francés	0.5	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Francesa	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Francesa	1	

<u>ALEMÁN</u>	Zertifikat Grundstufe III Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	0.5	Non acumulable
	Zertifikat Deutsch als Fremdsprache (ZDaF) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	

	Zentrale Mittelstufenprüfung (ZMP) Goethe-Institut Inter Naciones (GIIN)	1	
	Zentrale Oberstufenprüfung (ZOP) Goethe-Institut Inter Naciones (GIIN)	1	
	Kleines Deutsches Sprachdiplom (KDS) Goethe-Institut Inter Naciones (GIIN)	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado alemán como Segunda lingua estranxeira	0.5	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado alemán como Primeira lingua estranxeira	1	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Alemana	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Alemana	1	

<u>PORTUGUÉS</u>	Diploma de Lingua Portuguesa (DILP) Universidade de Lisboa (UL)	1	Non acumulable
	Diploma Intermédio de Português Lingua Estrangeira (DIPL)	0.5	
	Diploma Avançado de Português Lingua Estrangeira (DAPLE)	1	
	Diploma Universitário de Português Lingua Estrangeira (DUPL)	1	
	Segundo nivel de Cursos de verán (Curso de férias) para estranxeiros, estruturados en 2 niveis, de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, en calquera universidade portuguesa ou da Sociedade da Lingua Portuguesa (SLP)	0.5	
	Segundo nivel de Cursos de verán (Curso de férias) para estranxeiros, estruturados en 3 ou máis niveis, de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, en calquera universidade portuguesa ou da Sociedade da Lingua Portuguesa (SLP)	1	
	Curso de 1 ano lectivo de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, para estranxeiros, en calquera universidade portuguesa	1	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Portuguesa	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Portuguesa ou Galego- Portuguesa	1	

	Certificación académica de calquera Facultade de Filoloxía (excepto Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa) ou Traducción onde consten 10 créditos* nas materias: Introducción á Lingua Portuguesa, Lingua Portuguesa, Lingua e Cultura Portuguesa ou Gramática Portuguesa. (* O crédito corresponde a 10 horas de ensino teórico, práctico ou o seu equivalente).	0.5	
	Certificación académica de calquera Facultade de Filoloxía (excepto Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa) ou Traducción onde consten 15 créditos* nas materias anteriores. (* O crédito corresponde a 10 horas de ensino teórico, práctico ou o seu equivalente).	1	

ITALIANO	2º curso do Instituto Italiano de Cultura	0.5	Non acumulable
	3er curso do Instituto Italiano de Cultura	1	
	Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 3 (CELI 3) Università per Stranieri, Perugia (USP)	0.5	
	Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 4 (CELI 4) Università per Stranieri, Perugia (USP)	1	
	Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 2 (CILS 2) Università per Stranieri di Siena	0.5	
	Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 3 (CILS 3) Università per Stranieri di Siena	1	
	Certificado de Italiano come Lingua Due (IT2) Università di Roma 3	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado italiano como Primeira lingua estranxeira	1	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Italiana	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Italiana	1	

c.3) Tódolos cursos non citados anteriormente valoraranse con 0.30 puntos e deberán ser sempre superiores a 70 horas, ata un máximo de 2 puntos por idioma.

Non se valorarán estes cursos se non acreditan o número de horas. Para a acreditación destes méritos deberá aportarse certificación académica ou fotocopia compulsada das notas ou calificacións obtidas. Non se valorarán aqueles cursos de idiomas que non se acrediten deste modo e non se terán en conta como acreditación os documentos de autoliquidación de taxas para a obtención do título correspondente.

d) 0.40 puntos por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en información e comercialización turística, ata un máximo de 3 puntos.

O contrato de traballo ou certificado de prácticas deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballadas ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes. A puntuación por este concepto valorarase en función do número de horas traballadas ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes. Concederáselle 0.40 puntos por cada mes traballado a xornada completa, as xornadas inferiores a esta se valorarán proporcionalmente con aquela.

e) Por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en axencias de viaxes, hotéis, congresos, feiras, museos, institucións ou organismos vencellados ó turismo, ou calquera outra actividade relacionada co turismo ou a xestión de recursos turísticos, ata un máximo de 3 puntos: 0,30 puntos.

O contrato ou certificado de prácticas ou traballo deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballados ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes.

A puntuación, por este concepto, valorarase en función do número de horas traballados ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes.

Concederanse 0,30 puntos, por cada mes traballado a xornada completa (80 horas), as xornadas mensuais inferiores a esta valoraranse proporcionalmente con aquela.

f) Por cada curso de informática en centros recoñecidos, ata un máximo de 1 punto: 0,15 puntos.

Non se valorarán os cursos inferiores a 40 horas. Non se terán en conta os cursos de mecanografía e tampouco se valorarán aqueles que non especifiquen o contido e número de horas.

No caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación no concurso, a selección realizarase mediante unha entrevista persoal cos/coas candidatos/as. A entrevista poderá incluír proba de coñecemento de idiomas, escrita ou oral.

Asemade, no caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación, terá prioridade aquel/a que non teña realizado prácticas con anterioridade na Concellería.

No caso de que, unha vez adjudicada a bolsa de estudos, xurdisen renuncias, adxudicaráselle automaticamente a axuda ó seguinte aspirante en puntuación, procedéndose do mesmo xeito en renuncias sucesivas.

DÉCIMA: Avaliación e Resolución.

As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios mencionados na cláusula anterior, por unha comisión de avaliación, que se constituirá a tal efecto. A comisión de avaliación estará presidida pola Concelleira de Turismo e Comercio, e formará parte dela a Coordinadora de Turismo e Comercio, e unha funcionaria do departamento de Turismo, actuará como secretaria unha funcionaria do departamento.

A Comisión de Avaliación realizará unha lista cos aspirantes admitidos e non admitidos, neste último caso, expresarase a razón da exclusión.

A Comisión de Avaliación poderá realizar proba de idiomas ós aspirantes admitidos.

A Comisión de Avaliación puntuará os méritos alegados polos candidatos conforme ó baremo previsto nas bases.

Unha vez realizada a valoración, a Concellería de Turismo elevará proposta á Xunta de Goberno Local para que adxudique as becas a aqueles aspirantes que acadaran a maior puntuación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de catro meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria.

DECIMO PRIMEIRA: Notificación e publicación.

Á vista da proposta de resolución que formule a Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local resolverá a adxudicación das becas, de conformidade co establecido nesta convocatoria.

A devandita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou, ou ser impugnada ante a xurisdicción contencioso-administrativa, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro.

A resolución do procedemento notificarase ós interesados de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A concesión da subvención notificarase persoalmente ós interesados/as nos domicilios consignados a estes efectos na solicitude. Os/as adxudicatarios/as están obrigados no prazo de cinco días naturais a comunicar á Concellería de Turismo a aceptación ou renuncia das bolsas por escrito.

No caso de aceptación, achegarase a ésta certificación bancaria da conta onde se aboará a axuda de referencia ó titular da mesma, unha vez finalizadas as prácticas e realizados todos os trámites administrativos de xustificación da subvención.

Se unha vez aceptada a beca, o adxudicatario renunciara a ela, deberá facelo de forma justificada. En todo caso, se a renuncia se producise durante os quince primeiros días de desfrute da mesma, o beneficiario non terá dereito a percibir ningunha contía polo período traballado.

Se transcorridos cinco días non se fixese manifestación en ningún sentido, tal feito entenderase como renuncia á bolsa e ésta concederase ó seguinte aspirante por orde de puntuación.

A relación das persoas que resulten designadas como bolseiros/as será publicada no Boletín Oficial da Provincia, en aplicación do artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións, 38/2003.

DECIMO SEGUNDA: Incumprimento das obrigas.

A Xunta de Goberno Local poderá anular as axudas concedidas, a proposta do Departamento de Turismo, se media informe negativo do incumprimento das obrigas e previa audiencia das partes.

Dada a natureza da beca que se concede, consideraranse incumprimento graves do obxecto da convocatoria e conlevaría a revocación ou interrupción da axuda concedida:

- 1.- O incumprimento de calquera das obrigas previstas nas bases desta convocatoria.*
- 2.- Non comezar no prazo que se sinale o desenvolvemento das prácticas.*
- 3.- Non realizar as actividades previstas cun nivel de adicación satisfactorio.*
- 4.- Non presentar a memoria acreditativa do traballo realizado.*
- 5.- Fallas de puntualidade ou de asistencia non xustificadas ou reiteradas.*

DECIMO TERCEIRA: Control de cumprimento do obxecto.

O control do cumprimento do obxecto, condicións e finalidade das becas concedidas efectuarase de conformidade co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, coas presentes bases da convocatoria e coa Base 38ª das de Execución do Presuposto actualmente en vigor.

As becas estarán suxeitas ó rexime de infraccións e sancións que, en materia de subvencións, establece a devandita Lei.

DÉCIMO CUARTA: Consideracións Xerais.

En todo o non recollido nestas bases lle será de aplicación directa a Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Facúltase á Concellería de Turismo para interpretar as presentes bases desta convocatoria e resolver calquera incidencia que se poida producir ó longo de todo o proceso de convocatoria, resolución e desenvolvemento das bolsas de referencia.

47(367).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE AXARDINAMENTO DO BULEVAR DA GRAN VÍA, TRAMO R. TARRAGONA-PRAZA DE AMÉRICA. EXPTE. 42256/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o proxecto de axardinamento do bulevar da Gran Vía, tramo Tarragona-Praza de América, aprobado pola Xunta de Goberno de 13.09.04, e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por concurso de ditas obras, de data 6.04.05; visto o informe do titular da Asesoría Xurídica do 11.04.05, a dilixencia do asesor xurídico da área de Servizos Xerais, do 15.04.05, facendo constar que foron correxidas no prego as deficiencias que menciona o titular da Asesoría Xurídica no devandito informe e de acordo co informe-proposta do asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, do 6.04.05, conformado polo concelleiro delegado de dita Área e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato das obras do “Proxecto de axardinamento do Bulevar da Gran Vía, tramo R. Tarragona-Praza de América” elaborado polo xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares elaborado polo Área de Servizos Xerais para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do “Proxecto de axardinamento do Bulevar da Gran Vía, tramo R. Tarragona-Praza de América”.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do “Proxecto de axardinamento do Bulevar da Gran Vía, tramo R. Tarragona-Praza de América” con cargo á partida 511.0.611.00.13 do presuposto do 2005 e por un importe máximo de 90.142,99 €

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

48(368).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.